

Curso 2015/16

Departamento de Economía

PROGRAMACIÓN LOMCE

I.E.S. FERNANDO ESQUIO

Introdución.....	4
contextualización	4
A Contorna	4
O Centro	5
Economía.....	6
I. Fundamento de Economía	6
II. Obxectivos.....	6
III. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	10
IV. Metodoloxía.....	16
V. Materiais e recursos didácticos	17
VI. Avaliación.....	18
VII. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
VIII. Unidades didácticas.....	31
IX. Contidos mínimos	51
X. Temporalización.....	51
XI. Medidas de atención á diversidade	51
XII. Concreción dos elementos transvesais que se traballarán no curso.	53
XIII. Actividades Extraescolares.....	54
XIV. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	55
XV. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	58
Anexo I: Implantación das TIC	59
I. Obxectivos	59
II. Temporalización.....	61
III. Recursos	62
IV. Actividades propostas.	62
V. Medidas de atención á diversidade.....	63
Anexo II: Plan Lector.....	64
I. Introdución.....	64
II. Obxectivos.....	64
III. Actuacións.....	64
IV. Avaliación.....	65
Anexo III : plan de convivencia	66

INTRODUCCIÓN

A presente programación corresponde ó curso 2015/16, no que o Departamento impartirá as materias de:

- | | |
|---------------------------------------|------------|
| - Economía | 1º BAC – B |
| - Economía e Organización de Empresas | 2º BAC – A |

O departamento está integrado por:

- | | |
|----------------------|----------------------|
| - Dolores Rey Varela | Xefa de Departamento |
|----------------------|----------------------|

CONTEXTUALIZACIÓN

A Contorna

Estas materias impartiranse nun centro de Ensino Medio, radicado nunha vila do noroeste de Galicia.

Neda, é un concello dos ribereños da ría de Ferrol, limita o norte con concello de Narón, o sur co de Fene e A Capela e o leste con San Sadurniño. Conta cunha poboación en torno aos seis mil habitantes e unha superficie en (km²) de 23,8.

É un dos concellos da comarca de Ferrolterra, zona que tivo unha industria naval moi importante pero que na actualidade sufriu grandes crises e reconversións, repercutindo na situación económica e social da poboación.

Por todo o anteriormente referido o nivel socioeconómico da zona é medio- baixo dentro do contexto galego.

O Centro

O IES FERNANDO ESQUIO é un centro que conta na actualidade con 234 alumnos. Impártese a ESO e o BACHARELATO e FPB.

ECONOMÍA

I. Fundamento de Economía

Prodúcese o primeiro contacto do alumnado con esta materia e descubren que a economía está presente en moitos aspectos da nosa vida e que grandes problemas, como a escaseza de recursos, o desemprego, o subdesenvolvemento, entre outros, teñen un transfondo económico.

O obxectivo que se busca é tratar de lograr que os coñecementos adquiridos lles permitan tomar conciencia sobre a realidade económica e social que lles toca vivir mantendo unha actitude crítica fronte a ela.

II. Obxectivos.

A. Da etapa

A Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece no artigo 25 como obxectivos do Bacharelato, desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- *Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.*
- *Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*

- *Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.*
- *Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.*
- *Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.*
- *Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.*
- *Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.*
- *Coñecer e valorar críticamente as realidades de mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.*
- *Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.*
- *Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.*
- *Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.*
- *Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.*

- *Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*
- *Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.*

Estes obxectivos son retomados polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que matiza e concreta algún dos anteriores e engade o seguinte:

...

- *Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.*

B. Da materia

Os obxetivos xerais a perseguir na impartición desta materia son os seguintes:

1. *Identificar o ciclo da actividade económica.*
2. *Distinguir sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.*
3. *Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema económico e os fenómenos sociais*
4. *Describir o funcionamento dos mercados e os seus límites, utilizando ferramentas conceptuais, analíticas e gráficas, e formulando un xuízo crítico do sistema e do papel regulador do sector público.*
5. *Reflexionar de xeito crítico sobre o funcionamento do sistema financeiro e da necesidade da súa regulación.*
6. *Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas*

e a sobreexplotación de recursos naturais, así como os derivados da globalización da actividade económica.

- 7. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, histórico e cultural en que tiveron lugar. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás. Formular xuízos persoais acerca da conveniencia ou non da intervención da Administración pública na economía e dos seus efectos.*
- 8. Utilizar técnicas elementais de tratamento e representación de datos sobre a economía galega, española, europea ou doutras zonas do mundo para coñecer e comprender os trazos característicos da situación económica deses territorios e as perspectivas de futuro.*
- 9. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade. Comunicar opinións argumentando con precisión e rigor a partir de conceptos e principios económicos elementais. Aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos como vía de enriquecemento persoal.*
- 10. Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicacións e/ou internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen. Formular xuízos persoais sobre elas e comprender que as decisións implican, en ocasións, elixir entre obxectivos en parte contraditorios para os diferentes axentes económicos.*
- 11. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio natural e a calidade de vida das persoas, así como o diferente grao de desenvolvemento das distintas rexións e países. Reflexionar sobre a necesidade de acadar un desenvolvemento sustentable.*
- 12. Abordar de maneira autónoma e razoada problemas económicos do contorno, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e*

medios de información, en especial as tecnoloxías da información e comunicación.

Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás do contorno.

13. Coñecer e comprender, dunha maneira crítica, o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

Estos obxectivos xenéricos serán posteriormente contextualizados e adaptados a cada unha das unidades didácticas que integran a programación.

III. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo cas especificacións da lei:

1º Comunicación lingüística.

2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3º Competencia dixital.

4º Aprender a aprender.

5º Competencias sociais e cívicas.

6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

7º Conciencia e expresións culturais.

A competencia en comunicación lingüística ponse de manifesto na distinción entre formulacións económicas positivas ou normativas, criterios de clasificación dos mercados, valoración de diferenzas entre os distintos tipos de mercado (competencia perfecta, monopolios, oligopolios, competencia monopolística), explicar o funcionamento do diñeiro e valorar o papel do sistema financeiro nunha economía de mercado, describir os efectos das

variacións dos tipos de interese na economía, expresar as razóns que xustifican o comercio internacional, diferenciación de conceptos de crecemento e desenvolvemento, reflexionar e comunicar os problemas medio ambientais provocados pola actividade económica.

A competencia matemática (aplicación do razoamento matemático para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto a través das áreas relativas aos números, álgebra, xeometría e estatística. En economía utilizarase a competencia para a análise económica, determinando a eficiencia técnica e económica; calcular, analizar e interpretar graficamente os ingresos, custos e beneficios empresariais; calcular e analizar graficamente as curvas de demanda e oferta, e calcular as elasticidades; comprender a información gráfica e os datos de diferentes variables macroeconómicas; interpretar e analizar datos e gráficos relacionados co mercado laboral; analizar datos de inflación e desemprego a nivel nacional e galego. A competencia en ciencia e tecnoloxía permitiranos en Economía reflexionar sobre problemas medio ambientais, coñecer e valorar a importancia do logro dun desenvolvemento sostible, desenvolver actitudes positivas en relación co medio ambiente e a súa consideración como variable a hora de tomar decisións económicas.

A competencia dixital (uso creativo, crítico e seguro das TIC para alcanzar obxectivos profesionais e persoais que permitan ser competentes nunha contorna dixital) utilízase en economía para coñecer os cambios máis recentes no escenario económico mundial, coñecer nun contexto global como se relaciona a división do traballo coa interdependencia económica, investigar casos reais de diferentes formas de mercado, interpretar a información de diferentes variables macroeconómicas, investigar ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego, e identificar os obxectivos e a finalidade do BCE.

A competencia de aprender a aprender permite a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida, esixe en primeiro lugar a capacidade de motivación, e en

segundo coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e demandas das tarefas e actividades de aprendizaxe. En relación á materia de Economía trátase de abordar a resolución de problemas económicos en situacións económicas internacionais, estudar e analizar as repercusións da actividade empresarial próxima e internacional, valorar a influencia do tipo de mercado sobre os axentes económicos participantes, valorar a relación entre educación e emprego, recoñecer ámbitos tendenciales de emprego, ou describir os efectos das variacións dos tipos de interese.

As competencias sociais e cívicas (habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade que permitan interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados) concrétese en Economía na análise das diferentes formulacións e formas de abordar os principais sistemas económicos, a comparación de diversos tipos de mercados, a análise crítica dos diferentes indicadores económicos como instrumentos para medir a calidade de vida, o estudo das causas de inflación e as súas repercusións económicas e sociais, o describir as implicacións e efectos da globalización económica, o estudo das consecuencias do crecemento sobre o reparto da riqueza e medio ambiente, o estudo do contexto internacional e a desigual distribución da riqueza, e o abordaxe da competencia cívica desde a comprensión das experiencias colectivas de organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades e a súa organización económica.

A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (capacidade de transformar as ideas en actos) contribúe desde a materia de Economía coa inclusión da necesidade de tomar decisións e elixir, analizar e interpretar obxectivos e funcións das empresas, estudar a eficiencia técnica e económica de casos suscitados, coñecemento de custos da empresa, representación e interpretación gráfica, estudo de factores que determinan a oferta e a demanda, valoración da formación como elemento clave para a

obtención de emprego e mellora dos salarios, investigación e recoñecemento de ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego, valoración do papel do sistema financeiro como canalizar do aforro ao investimento, descrición dos efectos dos tipos de interese en Economía, análise de implicacións e efectos da globalización económica, e estudo das consecuencias do crecemento económico sobre o reparto da riqueza.

A elaboración de modelos simples que representen a realidade económica contribuen tamén o desenvolvemento da conciencia y expresiones culturales.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	CAA CMCCT
Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	CSC CMCCT CD
Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise	CSC CD CAA
Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	CAA CD CSC
Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	CAA CMCCT
Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos	CCL CMCCT CD
Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	CAA CCL CSC
Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	CSC CMCCT
Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía	CMCCT CCL
Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional	CSIEE CCL
Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	CSIEE CCL
Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	CD CCL
Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	CD CMCCT
Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.	CMCCT CD

Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	CMCCT CD
Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	CMCCT CD
Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.	CMCCT CD
Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.	CMCCT CCL
Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.	CMCCT CD
Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.	CMCCT CCL
Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato	CAA CSC
Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	CSC
Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país	CMCCT CD CSC CCL
Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	CAA CSC
Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	CSC
Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo	CMCCT CD
Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e reconece os métodos de estudo utilizados por economistas	CAA CD
Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízalas e interprétaa, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	CD CMCCT
Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	CMCCT CD
Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios	CSC CAA
Investiga e reconece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	CAA CD
Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación	CD CSIEE
Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía	CSC CMCCT CD CCL
Reconece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	CSC CD
Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	CAA CSC CD
Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	CAA CMCCT CSC

Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento	CSC CMCCT CD
Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía	CMCCT CCL
Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	CSC CCL CMCCT
Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	CSC CCL
Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países	CSC CCL
Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.	CAA CD CMCCT CSC
Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.	CSC CMCCT CD
Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.	CCL CMCCT
Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.	CSC CCL
Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar	CAA CSC CD
Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable	CSC CMCCT
Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	CSC CAA
Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallo e residuos, o que supón valorar os custos asociados	CSC CMCCT
Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.	CMCCT CSC
Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.	CCL CMCCT
Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado	CSC CMCCT CD
Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución	CAA CMCCT CD

Estos estándares de aprendizaxe serán posteriormente contextualizados e adaptados a cada unha das unidades didácticas que integran a programación.

IV. Metodoloxía.

Desde unha perspectiva interdisciplinar, a área contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un desenvolvemento curricular coherente e integrador entre tódalas áreas. Nesta etapa, tales áreas deben reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso cas diferencias individuais. Os principios son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade constructiva do alumno.

- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno. Evitarase no posible a abstacción e intentarase destacar a parte máis realista e actual de cada tema, inducendo ó alumno a facer comentarios e a buscar casos prácticos sobre o exposto.

- Orientaremos a nosa acción a estimular a capacidade de aprender a aprender.

- Promoveremos a adquisición das aprendizaxes funcionais e significativos.

- Atenderemos ás diferentes necesidades do alumnado.

- Impulsaremos unha avaliación que proporcione ó alumno unha orientación e información sobre o seu proceso de aprendizaxe.

- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía.

- Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerase a expresión individual, estimularase a iniciativa e a espontaneidade.

Dacordo co establecido no PCC (Proxecto Curricular de Centro), a metodoloxía a seguir nesta programación tratará de darlle un enfoque eminentemente práctico á asignatura. Non obstante, é imprescindible unha primeira introducción teórica a cada un

dos temas, facilitando a adquisición de conceptos mediante a súa explicación e acercamente o nivel de desenvolvemento e capacidade do alumnado.

O método a aplicar en cada tema consistirá nunha pequena introducción teórica plagada de exemplos cercanos á realidade dos alumnos, abrindo o debate sobre os problemas plantexados. Acto seguido realizaranse actividades encaminadas a aseguralo aprendizaxe dos contidos explicados e a investigación da realidade circundante respecto ós mesmos. Tratarase en todo momento de inculcarlles ós alumnos una actitude dinámica, de búsqueda de información e análise da mesma.

A impartición da materia vaise apoiar no libro “**Economía**”, de Andrés Cabrera y Enrique LLuch, publicado pola editorial SM, adaptándoa ós novos currículos.

O temario seguerá, polo tanto, a tradicional división entre as dúas ramas de microeconomía e macroeconomía, cunha importante introducción xenérica inicial ó problema económico.

Completarase o traballo en aula con material complementario entregado polo profesor: traballarase sobre artigos periodísticos, de revistas, sitios web, etc.

V. Materiais e recursos didácticos

Para a impartición das clases farase uso dos seguintes recursos didácticos:

- Aula con todas as súas dotacións: sillas, mesas, encerado, pizarra e tizas na cantía necesaria.
- Apuntes para a impartición da clase.
- Libro de texto recomendado para o seguimento das clases: “Economía”, de Andrés Cabrera e Enrique Lluch, editado por SM no 2008, edición en galega, adaptada ós novos currículos pola profesora.

- Textos complementarios obtidos dos periódicos locais, rexionais e nacionais, para o comentario e debate na clases.
- Acceso a Internet: INE, IGE, web UE, wwB B.M. web mtas., ecomur.es, ecobachillerato.com, geocities.es, proxecto tesela.
- Ordenador portátil
- Proxector de vídeo
- Televisor e reproductor dvd.

VI. Avaliación.

A. Criterios de Avaliación

Os criterios de avaliación que presidirán a presente programación son os seguintes:

1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.
2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.
3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases de investigación científica em economía e os modelos económicos.
4. Analizar as características principais do proceso produtivo.
5. Explicar as razóns do proceso de división técnica de traballo.
6. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.
7. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.
8. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.

9. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.
10. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.
11. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións em cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos em función de distintas variables.
12. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.
13. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar com elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.
14. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.
15. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desempregado.
16. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.
17. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma em que estes se miden.
18. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía.
19. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.
20. Analizar os tipos de política monetaria.
21. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.

22. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.
23. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.
24. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación.
25. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial
26. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica

B. Avaliación inicial. Medidas individuais e colectivas .

Realizarase unha avaliación inicial para comprobar o nivel de coñecementos dos alumnos dos conceptos económicos estudados en cursos pasados nas outras materias relacionadas coas ciencias sociais. Consistirá nunha proba escrita e na elaboración dunhas fichas iniciais para comprobar a autonomía do alumnado na procura e elaboración da información proposta. En función dos resultados obtidos a profesora organizará os grupos de traballo e as tarefas medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar en función dos resultados obtidos.

1. MEDIDAS INDIVIDUAIS

SITUACIÓN		MEDIDAS	GRAO DE CONSECUCCIÓN
COMPRESIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resultanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo a súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se plantexan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.	
INTERESE E MOTIVACIÓN	Amosa grande interese e motivación.	Seguer a potenciar esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar a interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar a interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e cercanas a súa realidade.	
RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en todas as situacións.	Seguer a fomentar esta capacidade.	
	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en algunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se plantexan.	Propoñer problemas de acordo as súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
COMUNICACIÓN	Exprésase con claridade e corrección tanto de xeito oral coma na escrita.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita col fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

2. MEDIDAS COLECTIVAS

SITUACIÓN		MEDIDAS	GRADO DE CONSECUCCIÓN
COMUNICACIÓN	A comunicación docente-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	A comunicación docente-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.	
	A comunicación docente-grupo ten grandes dificultades.	Determinar a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.	
INTERESE E MOTIVACIÓN	O grupo está motivado e ten gran interese.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouca interese.	Propoñer estratexias que melloren a interese e a motivación desa parte do alumnado.	
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Determinar a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.	
ACTITUDE E COLABORACIÓN	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades grupais nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Determinar as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.	

C. Procedementos e instrumentos de avaliación. Cualificación e promoción do alumnado

A avaliación establece as capacidades adquiridas polos alumnos/as, así como os métodos de traballo e os tipos de aprendizaxe.

A avaliación ten por obxecto informar sobre a evolución do proceso docente na súa totalidade e non debe limitarse a unha simple valoración de coñecementos, senón no

conxunto de todos os compoñentes pedagóxicos, de forma que permita modificacións nas previsións iniciais e determine novos obxectivos de acordo coa evolución do proceso

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Utilizarase un sistema de avaliación continua, posto que é o que nos permite facer un seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos e adapta-la secuencia e a proposta de actividades ó seu ritmo.

Partindo do nivel inicial do alumnado, o proceso de avaliación debe orientarse no currículo, nos obxectivos programados e nos alcanzados por eles.

Cada alumno/a será avaliado polo seu traballo diario, tanto individual como en grupo, valorando tanto os coñecementos, as capacidades, destrezas, habilidades e actitudes adquiridas.

Valoraranse os seguintes aspectos:

- A comprensión e asimilación dos coñecementos fundamentais.
- A obtención e utilización de información.
- A participación no traballo, tanto individual como en grupo.
- A iniciativa do alumno/a.
- A presentación dos traballos propostos.
- A cantidade e calidade das tarefas realizadas.
- As probas escritas e orais que a profesora considere oportunas.
- Comportamento e asistencia dos alumnos/as.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

- Seguimento da asistencia regular á clase.
- Observación dos/as alumnos/as na aula e seguimento do seu traballo diario.

- Traballos realizados en grupo tanto orais coma escritos.
- Presentación dos traballos: calidade e limpeza.
- Resultado das probas escritas e orais propostas pola profesora.

Se non fora posible deixar rexistros das observacións ou traballos complementarios desenvolto na aula, a avaliación efectuarase de forma exclusiva en base aos resultados acadados nas probas orais, escritas e observacións recollidas polo profesor.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A nota resultará dos resultados dos alumnos nos contidos teóricos, procedementos prácticos e actitude en clase en conxunto.

En concreto, na cualificación de **conceptos teóricos** valorarase a realización dun esquema ou introdución previa e presentación organizada dos mesmos. Anéxase coma complemento no cálculo da cualificación **A RÚBRICA DE MAPAS CONCEPTUAIS E PREGUNTAS TEÓRICAS**.

Nas cuestións que contrastan conceptos será causa de eliminación total do apartado se se pon a definición íntegra dos mesmos sen realizar a comparación.

Nos procedementos prácticos será preciso expoñer primeiro a fórmula teórica a aplicar, os resultados coas respectivas unidades, as gráficas especificando as magnitudes representadas en cada eixe, interpretación dos resultados finais obtidos, comparación dos resultados cos de anos posteriores e anteriores,....

Será causa de eliminación global ou parcial (do apartado) do exercicio se:

- Confusión de magnitudes empregadas nun exercicio (Se se esquecen -25% e se se confunden -50%, confusión grave -100%) .
- Confusión de funcións representadas (-100%).
- Non poñer unidades as magnitudes calculadas (-25%).

- Non poñer nos eixes as magnitudes que se representan en cada un (-100%).
- Repetir teoría sen a súa aplicación práctica a cuestións que aplican os conceptos.

O resto de erros baixarán proporcionalmente a cualificación.

No traballo, esforzo e **actitude en clase** anexamos RÚBRICA DE AVALIACIÓN. A existencia de apercebimentos verbais ou por escrito valorarase neste apartado.

CONFORMACIÓN DA CUALIFICACIÓN GLOBAL:

A nota conformarase nun 80% por traballos e probas escritas recollidas, Nun 20% por diferentes traballos diarios (coma exercicios, exposicións e artigos relacionados co que se comenta nas explicacións).

Poderase compensar unha avaliación cun mínimo de 4 con outra se saca máis dun 6. Isto será sempre considerando o esforzo e traballo diario amosado polo alumno nas clases e considerando cada caso de xeito individual, e coma un instrumento extraordinario.

ANEXO DA CUALIFICACIÓN: RÚBRICAS DOS DIFERENTES INSTRUMENTOS ESQUEMAS E MAPAS CONCEPTUAIS

GRAO DE CONSECUCIÓN	INCOMPLETO 0-20%	BÁSICO 40%	NORMAL 50-60%	COMPLETO 70-80%	MOI BEN 90-100%
IDENTIFICA OS CONCEPTOS CLAVE.					
REPRESENTA GRÁFICAMENTE AS RELACIÓNS ENTRE ELAS E EXEMPLIFICA					
SINTETIZA A IDEA BÁSICA DE CADA UN					
COMPARA E IDENTIFICA NEXOS					

PUNTUACIÓN MÁXIMA SOBRE 8 (CADA APARTADO 2 PUNTOS)

RÚBRICA PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS OU EN SOPORTE DIXITAL

GRAO DE CONSECUCCIÓN	INCOMPLETO	BÁSICO	NORMAL	COMPLETO	MOI BEN
PRESENTA CON PUNTUALIDADE, ORDE E PULCRITUDE, SEGUINDO AS INDICACIÓNS.					
SINTETIZA A IDEA BÁSICA DOS CONCEPTOS PROPOSTOS					
DIFERENZA OS CONCEPTOS E EXEMPLIFICA					
REDACCIÓN E ORTOGRAFÍA					

PUNTUACIÓN MÁXIMA SOBRE 8 (CADA APARTADO 2 PUNTOS)

RÚBRICA PARA PROBAS ESCRITAS E ORAIS

GRAO DE CONSECUCCIÓN	INCOMPLETO	BÁSICO	NORMAL	COMPLETO	MOI BEN
PUNTUALIDADE					
SEGUE AS INDICACIÓNS PROPOSTAS POLO PROFESOR					
PRESENTA CON ORDE E PULCRITUDE.					
IDENTIFICA O CONCEPTO QUE SE PREGUNTA					
EXEMPLIFICA CANDO SE INDICA					
RESOLVE OS EXERCICIOS SEGUNDO OS CRITERIOS EXPRESADOS EN CUALIF: Fórmulas e unidades. Cálculos					
REPRESENTA AS GRÁFICAS					
INTERPRETA AS GRÁFICAS					
COMPARA E RELACIONA CONCEPTOS					
REDACCIÓN E ORTOGRAFÍA					

PUNTUACIÓN MÁXIMA SOBRE 8 (CADA APARTADO 0,8 PUNTO) AGÁS O APARTADO DE PUNTUALIDADE E REDACCIÓN E ORTOGRAFÍA QUE PUNTUARÁN NEGATIVAMENTE NO CASO DE NO SE CUMPLIR.

RÚBRICA PARA TRABALLO DE AULA

GRAO DE CONSECUCIÓN	INCOMPLETO	BÁSICO	NORMAL	COMPLETO	MOI BEN
ASISTENCIA REGULAR E SEGUIMENTO DAS EXPLICACIÓNS					
DESENROLO DAS TAREFAS ENCOMENDADAS.					
TRAER O MATERIAL NECESARIO					
PARTICIPA E COLABORA					
É VOLUNTARIO NOS TRABALLOS PROPOSTOS					
PROPÓN DÚBIDAS					
SABE COLABORAR E TER INICITIVA NOS TRABALLOS GRUPAIS					
RESPEA O MATERIAL					
RESPEA OS COMPAÑEIROS					
RESPONDE POSITIVAMENTE ÁS ENMENDAS DO PROFESOR					

PUNTUACIÓN MÁXIMA SOBRE 2 (CADA APARTADO 0,2 PUNTOS)

CONSIDERACIÓNS GLOBAIS DA AVALIACIÓN ORDINARIA:

Durante o curso realizaranse tres avaliacións. Por cada avaliación parcial realizaránse se é posible dúas probas escritas con preguntas cortas, tipo test e exercicios prácticos, dependendo dos contidos das unidades didácticas a avaliar. A cualificación será media das notas obtidas nas probas, sempre e cando se obteña unha puntuación mínima de 4 puntos nalgunha das mesmas, e esa media aritmética terá que ser igual ou superior a 5 puntos para superalos contidos.

A non asistencia regular á clase implicará **a perda do dereito á avaliación continua** e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren nas Normas de Organización e Funcionamento:

- Terán que presentar todos os traballos e exercicios realizados ó longo do curso, aqueles que fosen realizados en grupo, entregarnos de forma individual. A súa cualificación terá que ser igual ou superior a 5.

- Terán dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso: unha proba escrita con preguntas tipo test, preguntas concretas e exercicios prácticos. A cualificación desta proba terá que ser igual ou superior a 5.

VII. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A. Recuperación da materia.

A efectos da recuperación desta materia para aqueles alumnos que ao final do periodo non alcancen os obxectivos establecidos en cada unha das partes do mesmo deseñaranse actividades específicas dirixidas a asegurar o alcance das principais obxectivos asociados a cada unidade didáctica.

Ditas actividades consistirán fundamentalmente , no asimilación dos conceptos básicos centrais de cada unidade e na resolución de problemas de tipo práctico basados neses contidos teóricos.

A tal efecto, deseñaranse as actividades de ensinanza-aprendizaxe específicas a desenrolar co alumno en atención ós déficits de formación específicos que presente, todas elas encamiñadas á superación da materia.

A realización de ditas actividades completarase cunha proba final de carácter obxectivo de carácter teórico-práctico, ca mesma estrutura que a proba de avaliación, na que o alumno deberá de poñer en práctica as capacidades adquiridas ó longo de curso e ca realización das actividades indicadas.

Dita proba realizarase, para cada avaliación, ó principio da seguinte, a fin de aproveitar a cercanía das explicacións. Na última avaliación, a proba obxectiva de recuperación de esta avaliación efectuarase de forma simultánea ca proba final para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación pendente.

A proba obxectiva de recuperación terá a mesma estrutura que a proba de avaliación. Na avaliación da recuperación teranse tamén en consideración co mesmo criterio os resultados das táboas de observación acadadas durante o curso.

B. Avaliación extraordinaria

En setembro efectuarase unha convocatoria extraordinaria na data que a tal efecto se sinale pola dirección do centro. En dita convocatoria acudirase ca materia completa, con independencia de cal sexa a parte suspensa polo alumnado.

Dado as características especiais desta convocatoria, os instrumentos de avaliación redúcense a unha proba escrita que se valorará sobre dez puntos e non sobre oito coma no resto do curso. Porén os criterios de avaliación e contidos mínimos serán idénticos en tódalas convocatorias.

C. Recuperación da materia pendente.

A recuperación da materia para o alumnado que a teña pendente en segundo de bacharelato efectuarase nas datas que fixe a dirección do centro cunhas probas parciais e final que manterán a estrutura das probas obxectivas de avaliación e versará sobre os contidos mínimos recollidos nesta programación.

Os contidos seran:

Primeira proba : Temas do 1 – 6.

Segunda proba : Temas 7 – 14.

Proba final : Toda a materia.

Para superala materia habera que obter unha puntuación polo menos de 5 puntos en cada unha das probas parciais e a cualificación final será a nota media das dúas puntuacións obtidas. Para superla materia haberá que obter unha puntuación mínima de 5

puntos. No caso de ter que ir a proba final para superala materia haberá que obter polo menos unha puntuación de 5 puntos.

Poñerase á disposición do profesor – titor de pendentos todo o material que se considere necesario para facilitar ó alumnado o proceso de recuperación da materia. En calqueira caso corresponderalle ao alumnado reclamar dito material complementario, facilitándosele dende o departamento o acceso ao mesmo.

VIII. Unidades didácticas.

UD 1: O problema básico da economía

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> – Explicar o problema económico básico de toda sociedade, recoñecendo a escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como as súas claves. – Interpretar as cuestións relativas ao problema económico básico, tratando de evitar explicacións esquemáticas e simplistas e cunha actitude favorable a reflexionar criticamente sobre as propias ideas e valores. 	<ul style="list-style-type: none"> – Describir situacións en que estea presente o problema económico básico, tanto a nivel individual como social, relacionando as múltiples necesidades coa escaseza de recursos para satisfacelas.
<ul style="list-style-type: none"> – Distinguir entre necesidades primarias e secundarias e explicar a súa evolución segundo os factores económicos, sociais e culturais etc. – Manifestar interese e curiosidade por coñecer e analizar, con sentido crítico e solidario, os problemas económicos derivados das desigualdades económicas e a sobreexplotación dos recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> – Diferenciar as necesidades primarias e as secundarias e explicar a súa evolución na nosa sociedade.
<ul style="list-style-type: none"> – Diferenciar entre bens libres e económicos, así como as distintas modalidades de bens económicos e as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> – Distinguir os distintos tipos de bens, sinalando exemplos apropiados para cada un deles.
<ul style="list-style-type: none"> – Identificar o custo de oportunidade asociado ás decisións económicas, tanto individuais como colectivas, a través de exemplos concretos. – Aplicar os conceptos de custo de oportunidade, custos irrecuperables, análise marxinal e incentivos ao estudo de casos concretos relacionados coa súa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> – A partir de exemplos apropiados en que se poña de manifesto a necesidade de elixir, identificar o custo de oportunidade.
<ul style="list-style-type: none"> – Elaborar modelos sinxelos, interpretando os supostos iniciais e as súas aplicacións para entender a realidade económica. 	<ul style="list-style-type: none"> – Representar graficamente e interpretar o modelo económico da fronteira de posibilidades de produción a partir de supostos sinxelos.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARAN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

– A economía, unha ciencia útil .

– O problema central da economía: o conflito entre recursos escasos e necesidades ilimitadas, caracterización do problema económico básico, sinalando exemplos representativos, a consulta de fontes, análise comparativa sobre a incidencia do problema económico básico entre distintos países e grupos humanos.

– A escaseza de recursos e a necesidade de elixir, recoñecemento da escaseza de recursos e da necesidade de racionalizar o seu uso, de conservalos e de renovalos.

– As necesidades humanas: tipos , busca e consulta de información sobre o grao de satisfacción das necesidades , propoñendo medidas razoadas para a súa solución.

– Os bens que satisfán necesidades: clases de bens, reflexión e debate sobre as necesidades de consumo creadas a través das técnicas de *marketing* e os seus efectos sobre o medio ambiente e a calidade de vida das persoas.

– Principios básicos: custo de oportunidade, custos irrecuperables, análise marxinal e incentivos económicos,

Identificación da perspectiva económica de cuestións extraídas da vida real, aplicando os conceptos de custos de oportunidade e irrecuperables, da análise marxinal e os incentivos.

– Os modelos económicos e as súas aplicacións , representación gráfica do modelo económico da fronteira de posibilidades de produción a partir de supostos sinxelos .

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTANDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº de sesións	MÍNIMO CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Recoñecer a importancia da economía como ciencia, explicar el problema de los recursos escasos y las necesidades ilimitadas.	1	Concepto de economía e relación con outras materias. O conflito entre os recursos e as necesidades	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identificar as necesidades humanas e a súa relación co problema da escaseza e os distintos tipos de bens	2	Definición de necesidade e a súa clasificación. Os bens e servizos:Tipos de bens	Diario clase Probas orais Probas escritas
Recoñecer a escaseza, a necesidade de elexir e de tomar decisións tendo en conta o coste de oportunidade que supón.	2	O custo de oportunidade e a necesidade de elexir.	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 2: A produción de bens e servizos

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> – Recoñecer os factores de produción (terra, traballo e capital) como elementos necesarios de todo proceso produtivo e identificalos a partir de exemplos concretos. – Manifestar interese e curiosidade por coñecer e analizar con sentido crítico e solidario os problemas económicos derivados das desigualdades materiais e a sobreexplotación dos recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> – A partir de procesos de traballo distintos, identificar os factores de produción que participan neles.
<ul style="list-style-type: none"> – Explicar o sentido de produción potencial dunha sociedade e a súa relación coa eficiencia económica. – Recoñecer os conceptos de produción potencial e eficiencia no modelo económico da fronteira de posibilidades de produción. – Interpretar informacións dos medios de comunicación social sobre un mesmo feito ou fenómeno económico, diferenciando entre datos, feitos e opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> – Relacionar os conceptos de produción potencial e crecemento económico, e de eficiencia económica e produtividade nunha economía.
<ul style="list-style-type: none"> – Comprender a importancia do crecemento económico como forma de satisfacer un maior número de necesidades e relacionar este crecemento cos factores que o determinan. 	<ul style="list-style-type: none"> – Interpretar o concepto de produtividade e coñecer as distintas formas que existen para aumentala.
<ul style="list-style-type: none"> – Recoñecer os sectores económicos que se poden distinguir en calquera economía. 	<ul style="list-style-type: none"> – Clasificar diversas actividades económicas nos tres sectores económicos.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARAN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

– Os factores de produción: identificación e recoñecemento da escaseza de recursos e da necesidade de racionalizar o seu uso, conservalos e renóvalos.

Valoración da repartición desigual dos recursos naturais e os desequilibrios económicos do planeta.

Análise das prácticas de consumo propias e da sociedade na que nos atopamos.

Consumo responsable: identificación das prácticas de consumo responsable e valoración da súa repercusión na sociedade-

– A división técnica do traballo e as súas vantaxes e inconvenientes.

A división do traballo na obra de Adam Smith.

Fordismo e cadea de montaxe.

– A produtividade e os seus determinantes.

Produtividade dun factor e global.

Utilidade da medición da produtividade.

– O modelo económico da fronteira de posibilidades de produción.

Diferenciación da realidade dun modelo económico.

Aplicación do modelo da FPP a casos supostos, representándoos graficamente.

– Produción potencial e eficiencia.

Diferenciación dos factores que aumentan a produción

– Factores determinantes do crecemento económico.

Realizar supostos sinxelos do modelo da fronteira de posibilidades de produción relacionando os conceptos de eficiencia e produción potencial, e xustificando a posibilidade de que se produza crecemento económico.

– Os sectores económicos.

Observar as características principais de varias economías, para distinguir, en función do peso de cada sector económico, en que grao de desenvolvemento se atopa

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Relaciona o proceso da división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	2	Relacionar a división co desenvolvemento. Relaciona a especialización e interdependencia oa división.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Indica as distintas categorías de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	3	Identifica o proceso de cálculo da produtividade.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica duns supostos prantexados.	1	Diferencia entre tipos de eficiencia	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 3: Axentes e sistemas económicos

OBXECTIVOS DIDACTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Describir as funcións das economías domésticas e explicar o sentido do seu comportamento racional. - Explicar as funcións das empresas e identificar os seus obxectivos e compoñentes. - Xustificar as funcións do sector público, sinalando exemplos apropiados das súas principais actuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir as principais funcións dos axentes económicos identificando as relacións que se establecen entre eles.
<ul style="list-style-type: none"> - Comprender as relacións que se establecen entre os distintos axentes económicos e representalas a través dun esquema de fluxo circular. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir de exemplos variados de actuacións económicas, elaborar esquemas de fluxo circular distinguindo entre fluxo real e monetario.
<ul style="list-style-type: none"> - Describir os problemas económicos básicos aos que se enfrontan os axentes económicos e toda organización económica. 	<ul style="list-style-type: none"> - Caracterizar os problemas económicos básicos aos que se enfronta calquera organización económica, utilizando exemplos apropiados.
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer os fundamentos do funcionamento das economías de mercado. - Valorar de forma crítica as vantaxes e inconvenientes da economía de mercado. - Coñecer as bases do funcionamento do sistema de planificación central e os inconvenientes que presenta. - Identificar a historia do pensamento económico e os economistas máis representativos de cada etapa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar os principais trazos diferenciais dos distintos sistemas económicos.
<ul style="list-style-type: none"> - Apreciar as características do sistema de economía mixta e valorar especialmente unha delas: o reto de solucionar os fallos dos sistemas anteriores. - Manter unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas artificialmente. - Tomar conciencia dos efectos dun consumismo excesivo sobre a autonomía e calidade da vida das persoas, así como sobre o medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> - Distinguir, de entre varios produtos e servizos ofertados no seo dunha economía mixta, os que son responsabilidade do sistema de mercado e da iniciativa privada e os que son responsabilidade do sector público.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS:

Comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

- As economías domésticas, as súas funcións e o seu comportamento.
- As empresas: obxectivos, funcións e compoñentes.
- O sector público: compoñentes e funcións.
- Relacións entre os axentes: o fluxo circular da renda.
- Os problemas básicos da economía: que, como e para quen producir.
- O sistema de economía de mercado ou capitalista. Fundamentos, vantaxes e inconvenientes.
- O sistema de planificación central. Logros e inconvenientes.
- Os sistemas de economía mixta.
- Aproximación ao pensamento económico: liberalismo, marxismo e keynesianismo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Identifica os axentes económicos e o seu papel na economía como consumidor de bens e servizos e oferente de factores produtivos	3	Diferenciar os axentes económicos e o seu papel na economía. Comprender o fluxo circular da renda	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identifica os problemas económicos básicos e os factores a ter en conta na súa resolución	2	Reconocer os problemas económicos básicos .	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identifica os diferentes sistemas económicos e a forma en que abordaron os problemas económicos	2	Diferenciar os diferentes sistemas económicos. Relacionar os sistemas económicos cos pensamentos económicos	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 4: A empresa e as súas funcións

OXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> – Relacionar o proceso de división técnica do traballo coa necesidade da empresa como unidade básica de produción que coordina os factores produtivos e as tarefas dos distintos especialistas. – Explicar a función de creación de utilidade que levan a cabo as empresas, sinalando exemplos referidos a diversos sectores. – Explicar o funcionamento económico das empresas e representar o ciclo típico de produción. – Coñecer e valorar a importancia da eficiencia nun mundo de recursos escasos e distinguir entre eficiencia técnica e económica. – Relacionar a función de produción e o principio económico dos rendementos decrecentes. – Calcular e interpretar graficamente os diversos tipos de custos e beneficios. – Caracterizar os principais tipos de empresa de acordo con distintos criterios e sinalar exemplos en cada caso. – Elaborar xuízos e criterios persoais sobre a responsabilidade social das empresas e as consecuencias das súas actuacións, e comunicar as súas opinións a outros con argumentos e datos apropiados. 	<ul style="list-style-type: none"> – Describir as funcións principais que realizan as empresas, así como o proceso de creación de utilidade que levan a cabo. – Explicar o funcionamento económico das empresas e esquematizar o seu ciclo típico de produción. – A partir dos datos achegados, distinguir entre procesos técnica e economicamente eficientes. – Elaborar a función de produción en exemplos sinxelos dos que se acheguen os datos e identificar o momento a partir do que comezan a operar os rendementos decrecentes. – Calcular ingresos, custos e beneficios a partir dos datos achegados. – Caracterizar os principais tipos de empresas, sinalando exemplos reais referidos ao contexto próximo. – Utilizar o concepto de responsabilidade social das empresas para valorar exemplos reais de actuacións empresariais.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS:

- Comunicación lingüística.
- Tratamiento da información e competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Social e cívica.

CONCEPTOS

- A empresa: obxectivos e funcións.
- División do traballo, interdependencia económica e necesidade de coordinación da produción.
- Funcións da empresa: a coordinación de factores e o ciclo de produción.
- Eficiencia técnica e eficiencia económica.
- A función de produción e os rendementos decrecentes.
- Interpretación e representación gráfica da función de produción e das funcións de custos, distinguindo entre rendementos crecentes e decrecentes.
- Custos fixos, variables e medios. Ingresos, beneficios e limiar de rendibilidade.
- A partir dos datos achegados, identificación dos distintos tipos de custos e cálculo e interpretación de custos, ingresos, beneficios e resolución de sinxelos problemas de limiar de rendibilidade.
- Tipos de empresas, segundo criterios.
- Elaboración de esquemas de clasificación dos distintos tipos de empresas segundo os criterios máis importantes.
- A internacionalización das empresas e áreas de responsabilidade social.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	1	Identifica os obxectivos básicos dunha empresa	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	1	Concepto básico e utilidade.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formula-dos.	2	Cálculos da eficiencia e comparación entre periodos diferentes	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.	2	Cálculo e gráfica de custos fixos, variables e totais.	Diario clase Probas escritas
ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	1	Cálculo dos beneficios ou perdas	Diario clase Probas escritas
ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	2	Cálculos das producións referidas e gráfica.	Diario clase Probas escritas

UD 5: O MERCADO E AS SÚAS FORZAS: A OFERTA E A DEMANDA

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS:

Comunicación ligüística, competencia matemática e competencias básicas em ciencia e tecnoloxía e sentido de iniciativa e espíritu emprendedor

CONCEPTOS

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> – Explicar en que consiste o mercado e cales son as súas vantaxes fronte ao sistema de troco. – Identificar os factores determinantes das funcións de demanda e oferta e explicar o sentido da súa influencia. – Describir o proceso de formación de prezos de equilibrio de mercado, representando graficamente as situacións de exceso de oferta e demanda e de equilibrio. – Explicar e representar graficamente os efectos de cambios nos prezos sobre a cantidade demandada e ofrecida. – Explicar e representar graficamente os efectos sobre a demanda e sobre a oferta de cambios nos factores que afectan ambas as funcións. – Comprender o concepto de elasticidade-prezo da demanda e a súa influencia nos ingresos totais que se obteñen en función do tipo de elasticidade. – Utilizar os coñecementos adquiridos para interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos diversos medios de información sobre a economía de mercado. – Explicar as variacións nos prezos e nas cantidades a partir de exemplos reais extraídos dos medios de comunicación, analizando as súas desviacións. – Valorar criticamente as vantaxes e inconvenientes do mercado, achegando argumentos razoados e con referencias a feitos e datos apropiados. 	<ul style="list-style-type: none"> – Coñecer os factores que determinan a oferta e a demanda dos bens e os efectos que as súas variacións provocan sobre elas. – Explicar e representar graficamente o proceso de formación de prezos de mercado. – A partir de supostos de cambios nos factores que inflúen na demanda e na oferta, explicar e representar graficamente os efectos sobre o equilibrio de mercado. – A partir de supostos de cambios nos factores que inflúen na oferta, explicar e representar graficamente os efectos sobre a oferta e sobre o equilibrio de mercado. – Aplicar o concepto de elasticidade para interpretar supostos sinxelos de cambios en prezos e cantidades, e analizar o comportamento dos produtores en relación aos ingresos que obteñen coa venda de bens. – Valorar criticamente as vantaxes e inconvenientes do mercado, sinalando exemplos axeitados en ambos os casos. – Interpretar correctamente a información dos medios de comunicación ou textos especializados, referidos ao funcionamento dos mercados e á análise de problemas económicos concretos.

- O troco como sistema de intercambio.
- O mercado coa utilización de diñeiro: vantaxes e inconvenientes fronte ao troco.
- A función de demanda. Influencia sobre a cantidade demandada das variacións dos prezos e influencia sobre a demanda do resto de factores que a determinan.
- A función de oferta. Influencia sobre a cantidade ofertada das variacións dos prezos e influencia sobre a oferta do resto de factores que a determinan.
- O proceso de formación de prezos: o equilibrio de mercado e os excesos de oferta e demanda.
- Modificacións do equilibrio de mercado a partir de desprazamentos da demanda e da oferta.
- A elasticidade-prezo da demanda: os tipos e a súa influencia nos ingresos totais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Recoñecer a importancia da especialización e a división do traballo como causante da existencia mesma do mercado	1	Relacionar división de traballo, especialización e mercado	Diario clase Probas orais Probas escritas
Expresar o funcionamento da demanda nos mercados	2	A demanda, factores dos que depende e representación gráfica	Diario clase Probas orais Probas escritas

Expresar o funcionamento e da oferta nos mercados	2	A oferta, factores dos que depende e representación gráfica	Diario clase Probos orais Probos escritas
Recoñecer o punto de equilibrio nun mercado e as consecuencias polos desprazamentos da oferta e da demanda	2	Calcular e determinar o significado do punto de equilibrio. Calcular e e determinar o significado do excesos de demanda e de oferta	Diario clase Probos orais Probos escritas
Analizar as elasticidades de demanda e oferta, así como os seus efectos na demanda e oferta de mercados	2	Calcular as elasticidades e interpretar os seus resultados	Diario clase Probos orais Probos escritas

UD 6: MODELOS DE MERCADO

OBJECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Describir as características do mercado de competencia perfecta e explicar e representar graficamente o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar e representar graficamente as características e o comportamento do mercado de competencia perfecta.
<ul style="list-style-type: none"> - Describir as características da competencia monopolística e do oligopolio, e explicar o seu funcionamento. - Identificar as causas de aparición de monopolios, e explicar as súas características e funcionamento. - Comparar os trazos diferenciais dos distintos tipos de mercado, valorando as súas vantaxes e inconvenientes desde o punto de vista do consumidor. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir de exemplos concretos de mercados de competencia imperfecta, identificar o tipo de mercado, as súas características e o seu comportamento. - Comparar os trazos diferenciais dos distintos tipos de mercado, elaborando esquemas comparativos dos mesmos. - Valorar criticamente as vantaxes e inconvenientes dos distintos tipos de mercado, argumentando, e con referencias a datos e feitos extraídos de casos reais.
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer distintas situacións de interdependencia empresarial e utilizar a teoría de xogos para atopar explicacións aos seus resultados e á súa dinámica. - Utilizar o coñecemento adquirido para interpretar informacións extraídas dos medios de comunicación sobre os distintos tipos de mercados, analizando as desviacións que se producen na práctica entre o coñecemento teórico e o mercado real. - Realizar pequenas investigacións sobre mercados próximos aos intereses dos alumnos, utilizando información obtida de distintas fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender a interdependencia das decisións empresariais a través da teoría de xogos, analizando exemplos sinxelos dos que se acheguen os datos.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS:

Comunicación lingüística

Tratamento da información e competencia dixital.

Aprender a aprender.

Social e cívica.

CONCEPTOS

- O mercado de competencia perfecta: características e comportamento.

- Exposición dos restritivos supostos que require o modelo de competencia perfecta para que se dea na realidade

- A competencia monopolística: características e comportamento.

- O oligopolio: características e comportamento.
- A teoría dos xogos en economía.
- O monopolio: causas de aparición, características e comportamento.
- Análise de experiencias cotiás para valorar os efectos da concentración e a competencia.
- Conciencia dos efectos negativos da concentración e da dilapidación de recursos.
- Vantaxes e inconvenientes dos distintos tipos de mercado.
- Fomento da actitude favorable á competencia entendida como diversidade.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.	3	Identificación dos tipos de mercados básicos	Diario clase Probos orais Probos escritas
ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.	3	Características básicas de cada tipo de mercado e exemplos da vida real. Funcionamento básico da teoría de xogos.	Diario clase Probos orais Probos escritas
ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	1	Inconvenientes da concentración de poder ou pactos dos axentes económicos.	Diario clase Probos orais Probos escritas

UD 7: O mercado de traballo e o emprego

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar os grupos de poboación en función do seu acceso ao traballo, distinguindo entre poboación activa e inactiva, ocupada e desempregada, sinalando exemplos apropiados en cada caso. - Ler, interpretar e elaborar cadros estatísticos e gráficos sobre distribución da poboación activa, ocupada e en paro, así como sobre taxas de actividade e desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir dos datos achegados, distinguir entre poboación activa e inactiva, ocupada e desempregada, e calcular e interpretar as taxas de actividade e desemprego.
<ul style="list-style-type: none"> - Comprender as características e variables que afectan a oferta e a demanda de traballo, sinalando os trazos peculiares deste tipo de mercado. - Describir o funcionamento do mercado de traballo segundo a teoría clásica e comparalo co resto de factores que inflúen no equilibrio e que dan lugar a que o devandito mercado non sexa perfecto. 	<ul style="list-style-type: none"> - Representar graficamente o mercado de traballo e interpretar os movementos e desprazamentos da oferta e demanda de traballo a través de supostos sinxelos.
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer os problemas económicos e sociais derivados do desemprego e distinguir os distintos tipos que se producen. - Explicar as causas que orixinan o desemprego e os principais procedementos utilizados para a súa medición. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir os distintos tipos de desemprego segundo as causas que o provocan e segundo as persoas afectadas, con referencias a feitos e datos do paro na economía española.
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar as distintas políticas que favorecen o emprego, preparando debates sobre medidas contra o desemprego con referencia a exemplos e datos axeitados. - Describir a evolución do mercado de traballo tendo en conta os novos depósitos de emprego e as calidades para ter éxito no mercado laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar as distintas medidas contra o desemprego, sinalando exemplos concretos, e valorando as súas vantaxes e inconvenientes.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS:

Comunicación lingüística, competencia dixital, competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía, aprender a aprender e social e cívica

CONCEPTOS

- Grupos de poboación en función do seu acceso ao mercado de traballo, poboación activa, inactiva, ocupada e en paro.
- O mercado de traballo: factores que afectan a oferta e a demanda.
- Imperfeccións do mercado de traballo.
- Taxa de actividade e de paro.
- Desemprego: causas principais e tipos de desemprego.
- As políticas de emprego e as súas consecuencias.
- Evolución do mercado de traballo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Realiza a clasificación da poboación utilizando datos estadísticos, dende o punto de vista económico; para utilizala como indicador da situación económica	1	Diferenciar os distintos tipos de poboación en función do acceso o mercado de traballo	Diario clase Probos orais Probos escritas
Realiza cálculo de taxas poblacionais	1	Calcular taxas poblacionais	Diario clase Probos orais Probos escritas
Identifica os elementos do mercado de traballo e os factores que inflúen en cada un deles	1	Distinguir os distintos elementos do mercado de traballo e os factores de influencia.	Diario clase Probos orais Probos escritas
Recoñece as imperfeccións no mercado de traballo	1	Identificar as imperfeccións no mercado de traballo	Diario clase Probos orais Probos escritas
Identifica as diferentes clases de desemprego	1	Diferencia as diferentes clases de desemprego	Diario clase Probos orais Probos escritas
Recoñece as causas del desemprego según as diferentes teorías económicas	1	Identificar as causas de desemprego según as diferentes teorías económicas	Diario clase Probos orais Probos escritas
Identifica os organismos encargados de rexistrar o desemprego, así como as medicións que realizan	1	Distinguir os distintos organismos encargados de registrar o desemprego, así como as súas medicións	Diario clase Probos orais Probos escritas

UD 8: MACROECONOMÍA: Os indicadores económicos

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> – Diferenciar entre macroeconomía e microeconomía e identificar os principais problemas macroeconómicos. – A partir de exemplos axeitados, comprender a utilidade da análise macroeconómica e explicar as cuestións básicas obxecto do seu estudo. – Elaborar esquemas de fluxo circular entre a produción, a renda e o gasto dunha economía, diferenciando entre fluxos reais e monetarios. 	<ul style="list-style-type: none"> – Describir a perspectiva macroeconómica e identificar as cuestións prioritarias obxecto do seu estudo. – Explicar, a través de exemplos sinxelos, que mide e que non mide o PIB e describir os seus métodos de

<ul style="list-style-type: none"> - Describir que é o PIB e como se mide, especificando que aspectos se recollen nel e cales quedan fóra da súa medición, precisando as diferenzas entre o PIB nominal e o PIB real. 	<p>cálculo diferenciando entre o PIB nominal e o PIB real.</p>
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar as principais magnitudes macroeconómicas derivadas do PIB. - A partir de informacións e datos elementais, calcular e interpretar datos relativos ás magnitudes macroeconómicas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar as relacións existentes entre o PIB e outras magnitudes derivadas e calculalas a partir de datos achegados, interpretando o seu significado.
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar as relacións e diferenzas entre renda e riqueza dun país, e identificar os distintos compoñentes desta. - Recoñecer o problema da distribución da renda, analizando a situación do noso país e do contexto europeo, elaborar criterios persoais ao respecto e comunicar opinións con argumentos razoados. 	<ul style="list-style-type: none"> - Sinalando exemplos apropiados, describir as diferenzas entre renda e riqueza dun país e recoñecer o problema da distribución da renda, analizando a situación de España e os países do seu medio.
<ul style="list-style-type: none"> - A partir de indicadores significativos (PIB, IDH), describir a posición económica relativa do noso país no contexto internacional, valorando as vantaxes e inconvenientes que presenta cada un como indicador de progreso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar as vantaxes e inconvenientes do PIB e do IDH como indicadores de progreso dunha sociedade.
<ul style="list-style-type: none"> - Describir os diferentes compoñentes da demanda agregada, facendo referencia ao seu peso relativo no PIB, sinalando exemplos en cada caso, e analizando as diferenzas e similitudes entre demanda agregada e PIB. - Explicar os obxectivos básicos da economía dun país e os factores que condicionan o seu logro. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir os diferentes compoñentes da demanda agregada no noso país con referencia ao seu peso relativo no PIB.
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar os factores que inflúen no consumo e o aforro, sinalando exemplos apropiados que os ilustren. - Explicar os factores que inflúen na inversión, distinguindo entre inversións económicas e financeiras, calculando o efecto multiplicador da inversión a través de supostos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar os factores que inflúen no consumo, o aforro e a inversión, e calcular e describir o efecto multiplicador da inversión en supostos sinxelos.
<ul style="list-style-type: none"> - Analizar e representar graficamente os modelos de demanda e de oferta agregadas e interpretar a situación de equilibrio. - Analizar e representar graficamente posibles cambios na demanda e a oferta agregadas, e interpretar os seus efectos sobre o equilibrio. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir e representar graficamente o modelo da demanda e a oferta agregadas, interpretando o equilibrio e supostos sinxelos de modificación deste.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS:

Matemática.

Comunicación lingüística.

Tratamiento da información e competencia dixital.

Aprender a aprender.

Social e cívica

CONCEPTOS

- A macroeconomía
- Microeconomía e macroeconomía.
- Os problemas macroeconómicos: o crecemento, o emprego, a importancia da estabilidade e equilibrio nos prezos, o orzamento público e o sector exterior, e a equidade presente e interxeracional.
- O fluxo circular da renda.
- Primeiro macroindicador: O PIB, procedementos de medición, magnitudes derivadas e compoñentes.
- Análise gráfico das taxas de crecemento do PIB
- A renda nacional, a renda persoal dispoñible e a renda por habitante.
- A distribución da renda.
- A renda e a riqueza dun país. Compoñentes da riqueza.
- O PIB e a calidade de vida: críticas ao PIB como indicador económico e indicadores alternativos.
- O consumo privado, os factores que o determinan e os indicadores da súa evolución.
- O aforro e os factores que o determinan.
- A inversión e os seus tipos.
- O efecto multiplicador da inversión.
- O modelo de demanda agregada.
- O modelo de oferta agregada.
- Equilibrio macroeconómico: os cambios na oferta e a demanda agregadas, e os seus efectos sobre o equilibrio.
- Visión global da economía dun país: obxectivos básicos e factores que inflúen.
- A economía somerxida.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	4	Identificación dos problemas macroeconómicos básicos e modo de cuantificación de cada un.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	4	Cálculo de magnitudes macroeconómicas polas diferentes vías.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	2	Coñecementos básicos dos rangos admisibles para cada variable.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.	2	Interpretación dos resultados das diferentes variables.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas	2	Identificación dos organismos que elaboran información analizable macroeconómicamente.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analizaas e interpretaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	1	Interpretación crítica dun cadro macroeconómico completo dun determinado país.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas coñecendo os componentes básicos.	1	Compoñentes básicos da oferta e demanda agregadas.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	2	Comprensión do equilibrio básico da economía.	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 9: A intervención do Estado na economía

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>– Comprender o papel que desempeña o Estado na corrección dos fallos de mercado como principal argumento para xustificar a intervención do Estado na economía e poñer exemplos apropiados en cada caso.</p> <p>– Analizar e avaliar o peso do sector público na economía dos países desenvolvidos, con especial referencia ao caso español.</p>	<p>– Ter unha opinión fundamentada e persoal sobre o necesario papel económico do sector público dentro dunha economía mixta.</p>
<p>– Explicar os fallos de mercado.</p> <p>– Relacionar cada un dos fallos de mercado coas actuacións e instrumentos que utiliza o Estado para corrixilos.</p>	<p>– A través de exemplos sinxelos, explicar os distintos fallos do mercado, relacionándoos coas actuacións que leva a cabo o Estado para corrixilos.</p>
<p>– Describir as funcións do sector público nas economías mixtas, sinalando os instrumentos que utiliza en cada caso.</p> <p>– Recoñecer as principais medidas de política económica, distinguindo entre estruturais e conxunturais, e sinalar exemplos extraídos da actualidade económica.</p>	<p>– Identificar, a partir de casos apropiados, as distintas funcións do sector público dentro dunha economía mixta, con referencia aos instrumentos que utiliza na súa intervención.</p>
<p>– Interpretar informacións de actualidade, distinguindo entre feitos, datos, previsións e opinións.</p> <p>– Recoñecer, a través de exemplos adecuados, como as decisións económicas levan implícito un conflito de valores en numerosas ocasións.</p>	<p>– A partir de informacións de actualidade económica, diferenciar razoadamente entre proposicións positivas e normativas, e entre feitos, datos e opinións, analizando os conflitos de valores xurdidos das decisións económicas.</p>
<p>– Recoñecer os principios e valores do Estado de benestar e identificar os seus problemas actuais, propoñendo medidas razoadas para garantir o seu futuro.</p> <p>– Preparar e realizar debates sobre as vantaxes e inconvenientes da intervención do Estado na economía, con argumentos razoados, e con referencia a exemplos e datos apropiados.</p>	<p>– Identificar os principios e valores do Estado de benestar, así como as súas dificultades actuais, e propoñer medidas para garantir o seu futuro.</p>

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

- A evolución do Estado: do Estado gardián ao Estado protagonista.
- Os fallos de mercado: ciclos económicos, externalidades, bens públicos, falta de competencia e equidade.
- As funcións do sector público e as medidas de política económica en función do prazo: conxunturais e estruturais.
- A política económica e os valores dunha sociedade. Os conflitos entre valores.
- Os xuízos de valor nas decisións económicas, economía normativa e positiva.
- O Estado de benestar: beneficiarios e claves de futuro.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Recoñecer as distintas posturas sobre a intervención do estado na economía	1	Diferenciar as distintas posturas sobre a intervención do estado na economía	Diario clase Probas orais Probas escritas
Recoñecer os fallos do mercado e as	1	Diferenciar e relacionar os fallos do mercado	Diario clase Probas orais

actuacións e instrumentos que utiliza o estado para correxilos		cos instrumentos que os corrixen	Probas escritas
Identifica e comprende as diferentes funcións do sector público	1	Distinguir as distintas funcións do sector público	Diario clase Probas orais Probas escritas
Recoñecer as principais medidas de política económica, distinguindo entre estruturais e conxunturais, e sinalar exemplos extraídos da actualidade económica.	2	Identificar as principais medidas de política económica, sinalar exemplos.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Recoñecer os principios e valores do Estado de benestar e identificar os seus problemas actuais.	1	Identificar os valores do Estado do benestar e os seus problemas actuais.	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 10: As contas públicas e a política fiscal

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- Representar un esquema de relacións entre as distintas administracións públicas e explicar o seu proceso de descentralización recente.	- Diferenciar os distintos niveis en que se divide o sector público actual.
- Sinalar exemplos dos distintos tipos de gasto público, diferenciando entre gastos reais e de transferencia.	- Describir os distintos tipos de gasto público, diferenciando entre gastos reais e de transferencia.
- Recoñecer os distintos tipos de déficit público, e explicar a diferenza entre déficit e débeda pública.	- Coñecer a diferenza existente entre déficit público e débeda pública.
- Describir e sinalar exemplos dos distintos tipos de ingresos públicos, diferenciando entre impostos directos e indirectos. - Coñecer os aspectos básicos sobre a declaración do IRPF.	- Explicar os distintos tipos de ingresos públicos, diferenciando entre impostos directos e indirectos, e sinalando exemplos apropiados.
- Distinguir entre impostos progresivos, proporcionais e regresivos, e analizar exemplos concretos de impostos para entender o seu carácter redistributivo. - Comentar as características da presión fiscal en España e recoñecer a fraude fiscal como un problema que nos afecta a todos. - Elaborar xuízos e criterios persoais sobre a fraude fiscal en España, e saber comunicarlles as súas opinións a outros elixindo os argumentos, os datos e os exemplos apropiados.	- Distinguir entre impostos progresivos, proporcionais e regresivos, e analizar exemplos concretos de impostos para entender o seu carácter redistributivo.
- Explicar en que consiste a política fiscal diferenciando entre o seu carácter expansivo ou contractivo, e representar graficamente os seus efectos sobre a oferta e a demanda agregadas. - Aplicar os coñecementos adquiridos para analizar e valorar informacións dos medios de comunicación sobre medidas de política fiscal, identificando os seus efectos sobre a economía española e a comunidade autónoma propia.	- A partir de exemplos de actuacións de política fiscal, explicar e representar graficamente os seus efectos sobre a demanda e a oferta agregadas.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

- Os compoñentes do sector público.
- O orzamento público.
- Os gastos públicos: criterios de clasificación e principais tipos de gasto.
- A evolución do gasto público e as súas etapas.

- Déficit público e débeda pública.
- Os ingresos públicos: cotizacións sociais, tributos e outros ingresos.
- Impostos directos e indirectos.
- Impostos progresivos, proporcionais e regresivos.
- Presión fiscal, estrutura impositiva e fraude fiscal en España.
- A política fiscal: instrumentos e efectos sobre a demanda e a oferta agregadas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Recoñecer a estrutura e ámbito do sector público	1	Identificar a estrutura do sector público	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identifica e distingue entre os diferentes tipos de gasto público	1	Difereza entre os distintos tipos de gastos públicos	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identifica e distingue entre os diferentes tipos de ingresos públicos	1	Diferenzaza entre os distintos tipos de ingresos públicos	Diario clase Probas orais Probas escritas
Recoñecer os distintos tipos de déficit público, e explicar a diferenza entre déficit e débeda pública	1	Identificar os distintos tipos de deficit público e diferenza entre déficit e débeda pública	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identifica, valora e describe a política fiscal	2	Diferenza entre as políticas fiscais expansiva e restritiva	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 11: O diñeiro

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar a evolución do diñeiro e caracterizar os principais tipos de diñeiro utilizados. - Describir as distintas funcións do diñeiro, sinalando exemplos en cada caso, e diferenciar os distintos motivos da súa demanda. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer as distintas funcións do diñeiro nunha economía, sinalando exemplos apropiados en cada caso.
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar en que consiste o interese, razoando os motivos que inflúen nas variacións dos seus tipos. - Distinguir entre variables reais e nominais a partir de exemplos concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar en que consiste o interese e identificar os motivos que inflúen nas variacións dos tipos de interese nunha economía.
<ul style="list-style-type: none"> - Entender que é a oferta monetaria e distinguir entre os seus distintos compoñentes, con referencias a exemplos apropiados en cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir os distintos compoñentes da oferta monetaria, razoando sobre o seu maior ou menor dispoñibilidade e sinalando exemplos.
<ul style="list-style-type: none"> - Comprender as distintas causas da inflación, identificando os tipos existentes e os seus efectos sobre a economía, e describir cal é a técnica para a súa medición. - Ler e interpretar informacións e cadros estatísticos e gráficos relacionados con tipos de interese e taxas de inflación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar en que consiste a inflación e como se mide e identificar os seus efectos sobre o conxunto da economía e sobre os distintos colectivos.
<ul style="list-style-type: none"> - Analizar o proceso de creación de diñeiro bancario e calcular os seus efectos sobre a oferta monetaria. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir dun suposto concreto, explicar o proceso de creación de diñeiro bancario e os seus efectos sobre a oferta monetaria.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Comunicación lingüística.

Tratamiento da información e competencia dixital.

Aprender a aprender.

Social e cívica

CONCEPTOS

- O diñeiro: evolución e clases.
- Funcións do diñeiro.
- Demanda, oferta de diñeiro e tipos de interese.
- Análise sobre a formación dos tipos de interese no mercado de diñeiro.
- Recoñecemento dos efectos da suba ou baixada nos tipos de interese na economía familiar.
- A oferta monetaria e os seus compoñentes.
- Creación do diñeiro bancario e o coeficiente de caixa.
- A inflación e os seus tipos. A medición da inflación. Efectos da inflación na economía.
- Interpretación das cifras de inflación en distintos países do mundo e en diversas etapas históricas.
- Atención cara aos efectos económicos da inflación e formación dunha opinión propia sobre as causas da inflación.
- Variables reais e nominais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	3	Comprensión da evolución do concepto e análise das súas funcións. Proceso de creación.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	3	Concepto e tipos de inflación. Efectos nunha economía.	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 12: O sistema financeiro e a política monetaria

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none">- Explicar o funcionamento básico do sistema financeiro, identificando os seus participantes e as funcións que desenvolven.- Describir as características dos distintos intermediarios financeiros, diferenciando entre bancarios e non bancarios e sinalar exemplos en cada caso.	<ul style="list-style-type: none">- Describir as funcións dos distintos participantes do sistema financeiro e elaborar esquemas das súas relacións mutuas.
<ul style="list-style-type: none">- Comprender a utilidade dos activos financeiros e distinguir os distintos tipos de activos existentes en función das súas características.	<ul style="list-style-type: none">- Coñecer que son os activos financeiros e cales son as súas características.
<ul style="list-style-type: none">- Describir os mecanismos básicos do mercado de valores, distinguindo entre mercado primario e secundario.- Comprender en que consisten e como funcionan os índices bolsistas e interpretar cadros estatísticos e gráficos sobre os seus cambios.- Interpretar informacións de actualidade dos medios de comunicación sobre cuestións relativas a movementos bolsistas e operacións financeiras.- Recoñecer a relación entre a rendibilidade dos activos financeiros e os tipos de interese.- Diferenciar entre interese real e interese nominal.- Identificar o Euríbor como o interese de referencia da zona euro.	<ul style="list-style-type: none">- Identificar os mecanismos básicos do mercado de valores.
<ul style="list-style-type: none">- Explicar en que consiste a política monetaria, diferenciando entre o seu carácter expansivo ou contractivo e representar graficamente os seus efectos sobre a oferta e a demanda agregadas.- Aplicar os coñecementos adquiridos para analizar e valorar informacións dos	<ul style="list-style-type: none">- A partir de exemplos de actuacións de política monetaria, explicar e representar graficamente os seus efectos sobre a demanda e a oferta agregadas.

<p>medios de comunicación sobre medidas de política monetaria, identificando os seus efectos sobre a economía española e a comunidade autónoma propia.</p> <p>- Valorar as vantaxes e inconvenientes da banca tradicional fronte a outras experiencias alternativas de banca, identificando quen se benefician e quen se ven prexudicados en cada caso.</p>	
---	--

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

- As funcións do sistema financeiro.
- Os intermediarios financeiros: funcións e tipos.
- Os activos financeiros.
- O financiamento das empresas a través do mercado de valores.
- Os mecanismos básicos da bolsa.
- Os índices bolsistas.
- Tipo de interese real e nominal.
- A política monetaria: instrumentos e efectos sobre a economía.
- O microcrédito e a banca alternativa á tradicional.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Recoñecer as funcións dos distintos participantes do sistema financeiro e elaborar esquemas das súas relacións mutuas.	1	Identificar os participantes do sistema financeiro e as súas relacións	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identificar os activos financeiros e cales son as súas características	1	Diferenciar os activos financeiros	Diario clase Probas orais Probas escritas
Distinguir os mecanismos básicos do mercado de valores	1	Analizar o papel dos mercados financeiros	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identificar as distintas actuacións de política monetaria, explicar e representar graficamente os seus efectos sobre a demanda e a oferta agregadas	2	Diferencias as distintas políticas monetarias e os seus efectos	Diario clase Probas orais Probas escritas

UD 13: Contexto internacional da economía: comercio, tipos de cambio, integración e globalización

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Apreciar a importancia do comercio internacional no mundo actual. - Explicar en que consisten as vantaxes comparativas e as vantaxes absolutas que xustifican o comercio entre países. - Xustificar a especialización e intercambio dos países dentro do comercio internacional a partir de distintas teorías. - Comprender as razóns do proteccionismo económico e sinalar as principais medidas proteccionistas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Xustificar as razóns do intercambio económico entre países en función dos principios das distintas teorías do comercio internacional.
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer como se rexistran as operacións entre países na balanza de pagos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar as distintas seccións da balanza de pagos española.
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar como se intercambian as distintas moedas e como se calcula o seu prezo a través dos tipos de cambio, con referencias a exemplos e cálculos de operacións concretas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir o mecanismo de intercambio de distintas moedas a través dos tipos de cambio e identificar os distintos sistemas de fixación de tipos de cambio.
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer os factores que afectan á apreciación ou depreciación dunha moeda. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar os factores que afectan á apreciación ou depreciación dunha moeda.
<ul style="list-style-type: none"> - Analizar as causas e efectos sobre a economía da depreciación ou apreciación dunha moeda, elaborando un esquema dos efectos que produce. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir dun suposto concreto, interpretar os efectos sobre a economía da depreciación ou apreciación dunha moeda.
<ul style="list-style-type: none"> - Identificar as distintas formas de integración rexional entre países: zonas de libre comercio, unións aduaneiras, mercado común, unión monetaria e unión económica. - Identificar en que tipo de integración rexional encadra a UE. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir do exemplo da UE, distinguir as formas que pode adoptar un proceso de integración económica, indicando as vantaxes e inconvenientes que presenta.
<ul style="list-style-type: none"> - Describir as políticas económicas comúns máis destacadas levadas a cabo na UE: a política monetaria, a política agraria común, a política pesqueira, a política de cohesión económica e social, a política de defensa da competencia e a política comercial común. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as políticas económicas máis importantes levadas a cabo na UE.
<ul style="list-style-type: none"> - Explicar en que consiste a globalización e as súas características, sinalando exemplos que as ilustren. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir o fenómeno actual de globalización, identificando os seus distintos aspectos e sinalando exemplos que o ilustren.
<ul style="list-style-type: none"> - Indicar cales son as consecuencias do proceso de globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar os principais problemas da globalización económica con referencias a exemplos e feitos apropiados.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

- As vantaxes e os inconvenientes do libre comercio.
- Obstáculos ao libre comercio: o proteccionismo.
- A balanza de pagos: estrutura básica.
- As distintas teorías do comercio internacional.
- O intercambio entre distintas moedas: os tipos de cambio e sistemas básicos de fixación.
- Causas e efectos da apreciación ou depreciación dunha moeda.
- Equilibrio e desequilibrio externos e as súas implicacións na política fiscal e monetaria dun país.
- A débeda externa: quen son os debedores e quen os acredores e posibles solucións.
- Procesos de integración económica.
- Proceso de integración económica da UE.
- Políticas económicas máis importantes da UE.
- A globalización e os seus distintos aspectos.
- As causas da globalización e as súas consecuencias.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	2	Comercio internacional: relacións económicas entre rexións.	Diario clase Probas orais Probas escritas
ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.	1	O intercambio internacional coma fonte de oportunidades e ameazas para a produción interna.	Probas orais Probas escritas
ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	3	Causas do proceso de integración. Causas en Europa. Fases da integración Europea. Análise crítica da UE.	Diario clase Probas orais Probas escritas
implicacións para España e Galicia da UE	1	Valorar as distintas consecuencias do proceso para a nosa contorna.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Valora, interpreta e comprende as diferentes políticas do BCE en canto a política monetaria	2	Instrumentos de política monetaria do BCE. Políticas actuais.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Describe e reflexiona sobre as implicacións e efectos da globalización económica nos países subdesenvolvidos, identificando os factores que dificultan o crecemento económico dos países pobres	2	Identificar as distintas consecuencias da globalización	Diario clase Probas orais
Reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.		Inconvenientes da globalización.	Probas orais

UD 14: Os grandes desafíos da economía actual

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- Establecer cales son os fallos de mercado a escala internacional.	- Xustificar a intervención de organismos internacionais na economía a partir dos fallos de mercado.
- Diferenciar entre crecemento económico, desenvolvemento económico e desenvolvemento humano. - Elaborar xuízos e criterios persoais sobre os problemas da globalización para os países pobres e sobre a necesidade dun comercio máis xusto e solidario.	- Identificar os obxectivos dun proceso de desenvolvemento e as súas características.
- Describir as distintas características dos países en vías de	- Comprender as distintas características dos países

desenvolvemento, sinalando exemplos ilustrativos delas.	subdesenvolvidos, sinalando exemplos ilustrativos destas características.
- Establecer as causas do subdesenvolvemento económico.	- Entender as posibles causas do subdesenvolvemento a partir de distintas teorías.
- Analizar como o modelo de crecemento económico e de consumo actual inflúe na deterioración do medio ambiente.	- Valorar a influencia que ten sobre o medio ambiente o modelo de crecemento económico actual.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLARÁN COS ANTERIORES OBXECTIVOS

Comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e social e cívica.

CONCEPTOS

- Os fallos de mercado a escala internacional: desigualdades, externalidades negativas, falta de competencia, degradación de bens públicos internacionais e crises económicas.
- As desigualdades e o desenvolvemento. Desigualdades no interior dun Estado e desigualdades entre países.
- Características do subdesenvolvemento.
- Teorías que describen as causas do subdesenvolvemento.
- Efectos da actividade económica e o consumo sobre o medio ambiente.
- Limitacións de emisións de CO2, acordos internacionais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN Nº clases	MÍNIMO CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Diferencia entre crecemento e desenvolvemento	1	Diferenciación básica dos dous conceptos	Diario clase Probas orais Probas escritas
Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.	3	Desenvolvemento e modelos en diferentes países do mundo.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	2	Medio ambiente e crecemento. Modelos de xestión.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	2	Valoración da protección ambiental nos modelos de desenvolvemento.	Diario clase Probas orais Probas escritas
Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados.	2	O recursos escasos e o modelos de desenvolvemento. A reciclaxe.	Diario clase Probas orais Probas escritas

IX. Contidos mínimos

A tal efecto se consideran mínimos os contidos reflectidos para cada unha das unidades didácticas.

X. Temporalización

O calendario de impartición da materia será o seguinte:

1ª Avaliación	UU. DD. 1 a 5
2ª Avaliación	UU. DD. 6 a 9
3ª Avaliación	UU. DD. 10 a 14.

A materia impartirase en catro sesións semanais de cincuenta minutos

XI. Medidas de atención á diversidade

Na ensinanza secundaria, os grupos de alumnos son moi heteroxéneos. Aínda que no primeiro curso de bacharelato esta heteroxeneidade se reduce con respecto ao ensino obrigatorio no primeiro curso aínda persiste unha parte non desdeñable.

Esta diversidade esixe unha variedade de estratexias, actividades e métodos didácticos que contribúen á implicar na aprendizaxe a alumnos con diferentes intereses. Un aspecto á destacar é a motivación que as actividades desta área provocan nos alumnos, incluso os que noutras áreas se amosan pasivos. Este feito pódese aproveitar para potenciar e lograr unha maior integración do alumno no grupo.

Nas actividades programadas débense prever axudas como poden ser:

- 1.- Trato individualizado e achegado entre profesor e alumno.
- 2.- Modifica-la composición dalgúns grupos de traballo para aproveita-la axuda dos compañeiros.

3.- Información escrita complementaria á disposición do alumnado. Puideran ser fichas de axuda que lle permitirán superar algunhas fases do traballo ou ben que posibiliten o exercicio de solucións máis complexas.

4.- Modificación das actividades cambiando requisitos ou condicións, ben para simplificalas ou para aumenta-la complexidade. É importante o tempo dedicado, que nalgúns casos pode ampliarse, aínda que iso supoña a non realización doutras actividades.

5.- Actividades complementarias de recuperación ou ampliación que poden realizar individualmente. Nesta liña son moi aproveitables os recursos audiovisuais ou informáticos.

En canto ás medidas directamente aplicables por non afectar a elementos esenciais do currículo para a atención a alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo levaremos a cabo as seguintes:

- Para aqueles alumnos que teñan problemas físicos acústicos ou visuais deberemos coidar esas condicións na clase evitando o murmurio, colocándoos nas primeiras filas, etc. Adaptaremos os materiais didácticos ás características psicolóxicas e sensoriais do alumnado.
- No desenvolvemento dos bloques temáticos partiremos sempre do máis simple intentando detectar as dificultades específicas de aprendizaxe. Partiremos de cuestións moi básicas que contemplan os contidos fundamentais que sexan capaces de resolver todos os alumnos e aumentaremos pouco a pouco o nivel de dificultade.

En definitiva, para estes alumnos deberemos dar prioridade aos contidos mínimos esixidos e así conseguir que pasen a materia con éxito.

XII. Concreción dos elementos transvesais que se traballarán no curso.

Ata agora quixemos destacar que as cuestións económicas están presentes en multitude de aspectos e comportamentos humanos.

Educación ó consumidor:

Analízase unha visión do consumo como relación necesaria para a satisfacción das necesidades humanas, e ós consumidores como axentes económicos fundamentais. En concreto, estúdase o consumo dende un punto de vista técnico e individual, como variable macroeconómica que influirá na economía nacional, e por último, analízanse os problemas do consumo e consumismo en relación coa pobreza.

Os problemas do terceiro mundo e o capítulo da pobreza:

Trátanse de forma especial, relacionándoos cos factores que fan posibles a desigualdades.

Educación para a igualdade de oportunidades:

O estudio dos mercados de factores e en especial o mercado de traballo, tratan o tema das desigualdades dende un punto de vista laboral.

Formación e orientación laboral:

Todo o estudio da economía mete ós alumnos no mundo da empresa. O texto elixido, na maioría das unidades, serve para que se coñeza o mundo da produción, as empresas, os mercados, e os elementos máis básicos dun sistema económico ó que se incorporará, chegado o momento, como traballador ou traballadora.

Educación ambiental:

O impacto no medio ambiente que os actuais métodos de produción ocasionan, as posibilidades de prevelo ou solucionalo e as decisións sobre crecemento económico e ecoloxía, analízanse e fan que o alumnado reflexione sobre estes problemas.

XIII. Actividades Extraescolares.

O desenvolvemento das clases complementarase con actividades extraescolares de participación obrigatoria:

Saída co alumnado a visitar empresas. Inditex, Estrella Galicia. Gadisa, Pull and Bear.

Se é posible organizarase outra visita á empresa UROVESA en Santiago, por ter estratexias competitivas propias e innovadoras na produción e venda dos seus produtos. A visita poderíase completar con outras na vila, con ou sen colaboración con outros departamentos como por exemplo: visita ó Parlamento, Instituto Galego de Consumo,

XIV. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

1. PLANIFICACIÓN

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	1. Programar a asignatura tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programar a asignatura tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	3. Seleccionar e secuenciar de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programar actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planificar as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establecer os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoevaluación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordinar co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afines ca asignatura.		

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DEL ALUMNADO	1. Proporcionar un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Suscitar situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos?).		
	3. Relacionar as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informar sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	5. Relacionar os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimular a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promuever a reflexión dos temas tratados.		

3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESARROLLO DE LA ENSEÑANZA	1. Resumir as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas?		
	2. Cando introduce conceptos novos, relacionanse, si é posible, cos xa coñecidos; intercalando preguntas aclaratorias; exemplos...		
	3. Ter predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		

	4. Optimizar o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utilizar axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos no aula.		
	6. Promuever o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolver os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Suscitar actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Suscitar actividades grupales e individuais.		

XV. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4
Se organizaron e secuenciaron os estándares de aprendizaxe avaliados en relación ás distintas unidades de programación					
Se asocian os estándares de aprendizaxe avaliados, os instrumentos de avaliación e o indicador de logro					
Defínese avaliación inicial e as consecuencias dos seus resultados					
Se definen programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación					
Se prestan axudas para a animación a lectura e desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita					
Incorporación das TIC nos procesos de ensino aprendizaxe					
Se relacionan procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Se aplican a metodoloxía e os recursos e materias didácticos establecidos					
Se realizan as actividades extraescolares e complementarias establecidas					
Tratamento dos temas transversais no proceso de ensino					
Coordinación a nivel horizontal con outros profesores do nivel					

Sinalar que toda programación debe ser aberta, flexible e pode ser revisada en calquera momento para adaptarse a situacións imprevistas que poden darse ao longo do curso.

LEENDA DA ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se alcanzan os mínimos aceptables e necesita unha mellora sustancial.
	Insuficiente	1	Se omiten elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Se evidencia cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Se evidencian prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador
	Excelente	4	Se evidencian modelos de referencia de boas prácticas

ANEXO I: IMPLANTACIÓN DAS TIC

I. Obxectivos

O departamento de Economía do IES Fernando Esquio, comprométense a participar de forma activa no proxecto e dende a súa área de coñecemento propoñen como obxectivos posible a acadar no desenvolvemento do mesmo, os seguintes:

A. Xerais

- Dinamizar o emprego das TIC entre todos os membros da comunidade educativa do IES Fernando Esquio.
- Introducir ós docentes nas posibilidades ofertadas polas TIC tanto no desenvolvemento da tarefa docente como no proceso de documentación e investigación asociados á mesma.
- Poñer á disposición do alumnado instrumentos e ferramentas que lles permitan acceder as posibilidades educativas e informativas implícitas nas TIC.
- Integrar ós pais/nais de alumnos na comunicación e información dixital, ofrecéndolles a oportunidade de acadar tanto formación sobre o emprego das TIC como información de relevancia sobre as posibilidades formativas e informativas que estas ferramentas ofrecen tanto ós seus fillos como a eles mesmos.
- Implantar no centro recursos e medios que posibiliten o desenvolvemento dun proceso auténtico de ensino-aprendizaxe no que as TIC xoguen un papel central.
- Lograr cunha parte importante da comunidade docente do IES Fernando Esquio empregue de forma significativa as TIC no súa actividade docente.
- Obter unha base de recursos educativos de elaboración propia ou adaptados que tome en consideración as necesidades e peculiaridades do entorno do IES.

- Inculcar no alumnado criterios de discriminación de contidos informativos con vistas a facer un uso formativo e propedéutico da rede Internet.
- Posibilitar a consecución polo alumnado de destrezas no emprego das ferramentas tecnolóxicas de uso mais habitual (procesadores de texto, follas de cálculo, navegadores de Internet, deseño gráfico, presentacións, etc.)
- Concienciar á comunidade educativa do IES Fernando Esquio da importancia das TIC para un proceso de ensino-aprendizaxe moderno e efectivo e trasladar a relativa sinxeleza do seu manexo.

B. Específicos

- Familiarizar ó alumnado co emprego das tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta didáctica nas áreas de Economía, Economía da Empresa, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras e Iniciativas Personais e Relacións Laborais..
- Poñer en valor o uso das TIC como fonte de información e recursos, fomentando o seu uso polo alumnado e potenciando a adquisición de criterio de discriminación á hora de buscar información relevante na web.
- Elaborar unha base de recursos educativos para as áreas de Economía, Economía da Empresa, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras e Iniciativas Personais e Relacións Laborais con soporte dixital.
- Diseñar un esquema de traballo continuado na aula baseado no emprego das TIC como fonte de información e recursos e como soporte divulgativo de contidos previamente elaborados.
- Crear un sitio web de referencia para as materias de Economía e Economía e Organización de Empresas, dentro da páxina web do IES, que sirva de guía de traballo permanente e de orientación para todo aquel interesado en ditas materias.

- Axilizar e potenciar a comunicación co alumnado mediante vías alternativas ós canles tradicionais: correo electrónico, blog,, foro, etc que ofrezan unha maior posibilidade informativa e requiran dunha certa destreza tecnolóxica para o seu emprego.
- Constituír unha relación de sitios web confiables e de relevancia nas diversas áreas didácticas de traballo do Departamento e estudar as posibilidades que ofrecen para o alumnado como fonte de información válida para o seu desenvolvemento.
- Prestar especial atención ó desenrolo polo alumnado de criterios que lles permitan discriminar a información atopada en función da confianza que lles inspire a fonte de procedencia, diferenciando os meros datos, das opinións e valoracións subxectivas, e tamén en función da identidade de quen os manifeste.
- Impulsar a utilización das TIC como ferramentas que permiten a comunicación entre individuos separados xeograficamente e compartir información e opinións, así como experiencias.
- Potenciar a adquisición de habilidades tecnolóxicas no alumnado esixindo o emprego das TIC como instrumento ou ferramenta de traballo no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

II. Temporalización

1º Trimestre

- Actualización e implementación do sitio web do departamento na web do centro.
- Confección de presentacións de unidades didácticas e cuestionarios para cumprimentar on-line,

2º Trimestre

- Avaliación dos resultados das actividades desenvoltas durante o primeiro trimestre e introdución das oportunas modificacións de cara ó segundo.
- Actualización do sitio web

3º Trimestre

- Avaliación de resultados e recompilación de material.
- Actualización do sitio web.
- Valoración da experiencia e control de resultados. Propostas para o próximo curso.

III. Recursos

- Aula informática con conexión a Internet
- Aplicacións informáticas básicas: procesador textos, folla cálculo, editores gráficos, programas de maquetación, conversores audio, ftp.
- Camaras dixitais e vídeo, grabadoras de son dixitais, escaner, proxector de vídeo, impresora.
- Ordenador portatil e cañón de vídeo para levar á aula convencional

IV. Actividades propostas.

Ditas actividades son de carácter xenérico e tratarán de levarse a cabo en todos os grupos nos que se imparta docencia, con especial atención ós curso de bacharelato.

- Desenrolo de presentacións para polo menos dúas unidades didácticas por trimestre académico
- Establecer para todas as unidades didácticas tests de control a través de cuestionarios telemáticos, etc.

V. Medidas de atención á diversidade.

A versatilidade das TIC facilita precisamente un tratamento máis personalizado do ensino, mediante o desenvolvemento de traballos e tarefas axeitados o desigual nivel do alumnado, modulando a complexidade ou dificultade dos mesmos ás súas capacidades.

Algunhas das medidas propostas dende o departamento concrépanse en:

- Traballos con diferente nivel de dificultade en función das capacidades do alumno.
- Grupos de traballo heteroxéneos que permitan a adquisición de destrezas por aqueles alumnos con un menor nivel de coñecementos no emprego das TIC.
- Diferente nivel de esixencia na valoración dos resultados en función das diferentes habilidades iniciais amosadas polo alumnado así como das súas capacidades.
- Actividades específicas dirixidas a potenciar o coñecemento en áreas nas que o alumnado amose máis problemas.

ANEXO II: PLAN LECTOR

I. Introducción

Con motivo da introducción da obrigación da elaboración dun Plan Lector para o centro a fin de potenciar as habilidades lecto-escritoras entre o alumnado, dende o departamento de economía deséxase concretar as actuacións a desenvolver dentro do seu ámbito académico para contribuir á consecución ós obxectivos de dito plan.

II. Obxectivos.

1. Facilitar ó acceso ós alumnos a fontes de información escrita e audiovisual sobre os ámbitos de economía e mercado de traballo.
2. Potenciar a autonomía do alumnado na búsqueda de información e na consulta dos fondos bibliográficos disponibles.
3. Ofertar tempo e espazo para a adquisición das habilidades lecto-escritoras básicas, dentro do tempo específico das materias do departamento no horario do alumno.
4. Promover a consecución dun vocabulario específico das áreas de coñecemento impartidas polo departamento.

III. Actuacións

1. Desenvolver unha política de adquisición de material bibliográfico ameno e divulgativo, atractivo para o alumnado, que contribúa á súa aproximación á biblioteca como centro de recursos.
2. Informar ó alumnado dos fondos que se atopan dispoñibles na biblioteca do centro con orientación en canto ó seu contido e recomendacións sobre posibles lecturas:
“El crack del 29” de J. K. Galbraith (ed Ariel, 2005)

“Primero la gente” de Amartya Sen y Bernardo Kliksberg (ed Deusto)

“Un hombre sin patria” de Kart Vonnegut (ed. Bronce)

“Quien se ha llevado mi queso” de Spencer Jonson, M.D. ed Empresa Activa

3. Efectuar traballos que demanden a consulta de fondos bibliográficos actualizados dispoñibles na biblioteca do centro.
4. Desenrolar na aula traballos de lectura comprensiva e comentarios de texto sobre temas específicos da materia impartida.
5. Esixir o manexo de vocabulario específico relativo ás áreas e coñecemento propias do departamento.
6. Integrar como parte dos contidos avaliados as habilidades lectoras mediante exercicios de comentarios de texto e lectura comprensiva.

IV. Avaliación

1. Revisión trimestral das adquisicións efectuadas na biblioteca e das suscripcións en vigor que teñan relación ca materia
2. Análise dos traballos realizados polos alumnos en base á documentación consultada na biblioteca.
3. Grado de coñecemento adquirido polo alumnado sobre o vocabulario e expresións específicos das áreas de coñecemento do departamento.
4. Nivel alcanzada na capacidade lectora do alumnado en relación a textos específicos.

ANEXO III : PLAN DE CONVIVENCIA

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitue um dos principais desafíos dos sistemas educativos na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias e pacíficas.

O conxunto de accións previstas no Plan de Convivencia contéplase desde dúas perspectivas: a de prevención e a de intervención.

O Departamento de Economía colaborará en todas as accións que dende a dirección do centro se fixen en relación con medidas preventivas e de intervención.

Curso 2015/16

Departamento de Economía

PROGRAMACIÓN NO LOMCE

I.E.S. FERNANDO ESQUIO

<i>Economía e Organización de empresas.</i>	4
I. Introducción	4
II. Obxectivos	5
III. Metodoloxía	19
IV. Avaliación	20
V. Actividades extraescolares	33
VI. Unidades didácticas	33
VII. Contidos mínimos	56
VIII. Medidas de atención a diversidade	58
IX. Recursos didácticos	59
X. Temporalización	60
<i>Anexo I: Implantación das TIC</i>	61
I. Obxectivos	61
II. Temporalización	63
III. Recursos	64
IV. Actividades propostas.	64
V. Medidas de atención á diversidade	65
<i>Anexo II: Plan Lector</i>	66
I. Introducción	66
II. Obxectivos	66
III. Actuacións	66
IV. Avaliación	67
<i>ANEXO III: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES</i>	68
<i>Anexo IV : plan de convivencia</i>	69

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS.

I. Introducción.

A presente programación corresponde a Materia de Economía e Organización de empresas que se imparte como materia propia de modalidade no segundo curso de bacharelato de Ciencias Sociais no IES Fernando Esquíó. A presente programación recolle os obxectivos, contidos, criterios de avaliación según a normativa vixente ademáis da metodoloxía, e a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomando como referencia os contidos recollidos no Decreto 126/2008 (DOG nº 120 do 23 de xuño) que establece o currículo da materia.

Esta materia pretende proporcionar ós alumnos un primeiro acercamento ó mundo empresarial. Ó longo do seu desenrolo, os alumnos han de percibir que a empresa como axente económico desempeña un importante papel na economía, porque ó ser a unidade básica de produción é a que se encarga de obter bens e servicios que a sociedade necesita. O uso de Internet permitirá os alumnos realizar pequenos traballos de investigación sobre a realidade empresarial galega e local, xa que é preciso que os contidos se acheguen á súa realidade máis próxima.

Debemos ter en conta que o finalizar o curso os alumnos que desexen cursar estudos universitarios enfrentaranse á proba de selectividade, polo que tamén debemos considerar este aspecto á hora de facer a programación, xa que os alumnos ademáis de superar a materia no centro educativo deben superar a devandita proba.

II. Obxectivos.

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

(Decreto 126/2008. DOG do 23 de xuño de 2008)

- Analizar as características máis relevantes e o funcionamento económico global dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan.
- Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.
- Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, así coma a súa responsabilidade no esgotamento dos recursos naturais, sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.
- Identificar as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se deben adoptar fronte ao fenómeno, adquirindo conciencia das desigualdades e efectos que este xera.
- Identificar os dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores, valorando a necesidade que estes colectivos e a sociedade teñen de acadar un elevado grao de conciliación da vida laboral e familiar. A súa relación cos obxectivos empresariais.
- Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e da prevención dos riscos laborais.

- Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
- Analizar as distintas políticas de márketing que adoptan as empresas segundo os mercados a que se dirixen, valorando os límites éticos que as devanditas políticas deben considerar.
- Establecer, de modo xeral, os datos máis relevantes da información contida nas contasanuais dunha empresa e interpretar a información transmitida.
- Identificar as principais fontes de financiamento das empresas, analizando as diferentes opcións posibles.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación e mais outros medios, obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.
- Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto empresarial utilizando para a súa elaboración medios informáticos.
- Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partir das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa. Valorar a importancia que para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas, así como as cooperativas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR UNIDADE DIDÁCTICA

UD 1. O papel da empresa na economía

- Entender a natureza da actividade económica.
- Identificar os aspectos básicos da organización económica que soluciona a empresa, así como as funcións que desenvolve a empresa na economía de mercado.
- Coñecer as diferentes áreas funcionais da empresa e clasificar as actividades que se realizan dentro da empresa segundo estas áreas.
- Describir o funcionamento económico da empresa e o ciclo de produción que se desenvolve nela.
- Recoñecer os diferentes compoñentes da empresa, aplicándoos á realidade de empresas concretas.
- Describir a creación de utilidade a través da cadea de valor da empresa.
- Relacionar os diferentes axentes económicos e os mercados como mecanismos de coordinación.
- Diferenciar os diferentes tipos de mercado atendendo á súa competencia.
- Clasificar e distinguir os diferentes grupos sociais relacionados coa empresa, así como os obxectivos que perseguen dentro dela, e relacionalos cos distintos obxectivos que se presentan na empresa.
- Distinguir as diferentes teorías sobre o empresario e a empresa ao longo da historia e relacionalas entre si.
- Valorar a figura do empresario sen prexuízos e de acordo coa realidade actual.

UD 2. Clases e formas de empresa

- Coñecer os principais criterios de clasificación das empresas.

- Aplicar a situacións reais os principais criterios de clasificación das empresas.
- Explicar as diferenzas e similitudes existentes entre as distintas formas xurídicas de empresa recoñecidas pola lexislación do noso país.
- Analizar as características máis relevantes dos distintos tipos de empresas.
- Coñecer as empresas de economía social, as personalistas e as capitalistas.
- Elaborar xuízos e criterios persoais relativos ás distintas formas de empresa.
- Sinalar as diferenzas das empresas de economía social respecto a outras formas xurídicas e as súas posibles vantaxes e inconvenientes.
- Analizar as formas que adopta o capital nos diferentes tipos de empresa.
- Manifestar iniciativa persoal, capacidade de organización e eficiencia nos traballos realizados tanto de forma individual coma colectiva.
- Identificar as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das diferentes formas de empresa estudadas na unidade.
- Identificar cal é a forma de empresa máis conveniente para distintos supostos de negocio con diferentes tamaños e finalidades.

UD 3. Ámbito da empresa e estratexia empresarial

- Identificar e analizar os diferentes factores do ámbito da empresa que condicionan o seu desenvolvemento.
- Diferenciar os axentes económicos cos que a empresa interactúa de forma directa.
- Calcular a cota de mercado que lle corresponde a unha empresa dentro dun sector de actividade.
- Analizar as características máis relevantes dun sector e dun mercado en canto ao seu grao de competitividade.
- Coñecer o método DAFO como exemplo dunha das principais ferramentas de análise estratéxica empresarial.

- Identificar as etapas do plan estratéxico dunha empresa.
- Coñecer as estratexias básicas que a empresa pode adoptar para alcanzar vantaxes competitivas.
- Explicar os ámbitos de responsabilidade da empresa.
- Comprender que as achegas da empresa ao ámbito poden ser positivas ou negativas.
- Coñecer o marco legal básico das empresas.
- Coñecer as leis que garanten o funcionamento do mercado desde o punto de vista da competencia.

UD 4. O desenvolvemento das empresas

- Analizar as decisións estratéxicas relativas á localización e dimensión empresarial.
- Establecer as interrelacións existentes na toma de decisión empresarial, entre a localización e a dimensión empresarial.
- Explicar e distinguir os factores que determinan a localización dunha empresa industrial doutra comercial e de servizos.
- Describir os criterios que se empregan para medir a dimensión das empresas.
- Identificar a interrelación existente entre capacidade produtiva, ocupación e dimensión empresarial.
- Distinguir as distintas vías que ten a empresa para crecer e aproveitar as economías de escala.
- Explicar as estratexias de especialización e diversificación como alternativas para lograr o crecemento da empresa.
- Analizar a integración vertical xunto coas posibilidades que ofrece a subcontratación.
- Explicar as diferentes vías de crecemento externo a través da concentración e cooperación empresarial.

- Explicar e comparar as vantaxes e inconvenientes da grande empresa fronte ás pemes.
- Coñecer as diferentes estratexias de desenvolvemento das empresas multinacionais e analizar as vantaxes e inconvenientes da súa implantación nun país.

UD 5. A función produtiva da empresa

- Identificar a área de produción dunha empresa e coñecer a súa importancia nas actividades empresariais.
- Diferenciar os distintos sistemas produtivos.
- Coñecer e diferenciar os conceptos de eficiencia técnica e eficiencia económica.
- Achar a produtividade dun factor e saber interpretar os resultados obtidos.
- Comprender e calcular os diferentes tipos de custo dunha empresa a curto prazo, diferenciando entre custos fixos, variables, medios e marxinais.
- Analizar, calcular e representar graficamente os ingresos, custos e beneficios dunha empresa.
- Identificar os compoñentes do custo da empresa no seu proceso de formación, diferenciando entre custos directos e indirectos.
- Darlle resposta argumentada á decisión empresarial relativa a producir ou comprar.
- Achar desde o punto de vista técnico e gráfico o límite de rendibilidade ou punto morto dunha empresa, identificando as zonas de perdas e ganancias.
- Aplicar os coñecementos adquiridos para argumentar e comprender o punto de equilibrio dunha empresa en competencia perfecta.

UD 6. Produtividade, eficiencia e innovación

- Calcular a produtividade, xa sexa dun factor local ou dun factor global.
- Analizar os resultados obtidos do cálculo da produtividade.
- Identificar as causas do crecemento da produtividade.

- Valorar a importancia que ten para a sociedade que nela se dea un incremento da produtividade.
- Coñecer en que consiste a investigación, o desenvolvemento e a innovación.
- Diferenciar entre innovacións de produto e as de método ou técnica.
- Valorar a importancia que a I+D+i ten para a sociedade.
- Recoñecer os diferentes custos que xera a xestión dos inventarios nunha empresa.
- Resolver problemas sinxelos de xestión de inventarios na empresa.
- Coñecer as técnicas máis habituais de valoración de inventarios nas empresas.
- Identificar situacións onde se dean externalidades negativas na produción.
- Valorar positivamente a ecoeficiencia como nova forma de xestión dos recursos na empresa.

UD 7. A función comercial da empresa

- Coñecer a evolución do *marketing* desde os seus comezos.
- Comprender as razóns que fan da área comercial da empresa unha das máis importantes da empresa.
- Entender por que a función comercial da empresa é unha das que máis recursos consome en toda organización empresarial.
- Analizar os distintos enfoques do *marketing* e recoñecer a clase de mercados en que predomina un ou outro así como a importancia de cada un deles.
- Coñecer o proceso de planificación do *marketing* distinguindo entre *marketing* estratéxico e *marketing* operativo.
- Diferenciar entre mercado e demanda, distinguindo os distintos tipos de mercado que se poden dar en función de distintas variables.
- Saber calcular a cota de mercado dunha empresa.
- Coñecer os obxectivos en que pensa a investigación de mercados.

- Distinguir as distintas fases necesarias para realizar unha investigación de mercados.
- Coñecer e distinguir as distintas fontes de datos para elaborar unha investigación de mercado así como os distintos métodos para obter información primaria que se poden utilizar nunha investigación de mercados, diferenciando se se trata de técnicas cualitativas ou cuantitativas.
- Estudar as formas en que se pode segmentar o mercado e os criterios máis utilizados para facelo.
- Explicar en que consiste o mercado obxectivo.
- Coñecer o concepto de posicionamento dunha empresa no mercado.

UD 8. Os instrumentos do *marketing mix*

- Estudar cales son os compoñentes dun produto.
- Coñecer a diferenza entre produto esencial e os seus atributos.
- Coñecer as diferenzas existentes entre gama e liña de produtos.
- Valorar a importancia de establecer unha imaxe de marca que cree imaxes positivas no consumidor.
- Analizar o ciclo de vida de calquera produto.
- Coñecer os distintos sistemas existentes para fixar os prezos dun ben.
- Estudar con detalle as distintas políticas de prezo que se poden levar a cabo.
- Analizar o *mix* de comunicación que pode levar a cabo unha empresa para promover os seus produtos.
- Distinguir, a partir de casos reais e en situacións concretas, o que é publicidade, promoción de vendas, forza de vendas, relacións públicas e *marketing* directo.
- Coñecer as limitacións que establece a lei española ao uso da publicidade.
- Diferenciar entre as distintas clases de canles de distribución.

- Clasificar as canles de distribución segundo o vínculo existente entre os distintos elos da canle.
- Explicar cales son os criterios que hai para escoller unha canle de distribución ou outra.
- Coñecer as novas formas para comunicar o produto que poñen a disposición das empresas as novas tecnoloxías e identificar as súas vantaxes e os seus puntos débiles.

UD 9. O financiamento da empresa

- Coñecer e relacionar as diferentes decisións que debe tomar a empresa desde o punto de vista financeiro.
- Entender o concepto de fonte financeira, así como saber que función cumpre na empresa.
- Entender a importancia do equilibrio entre as diferentes fontes de financiamento, como medida do risco financeiro da empresa.
- Coñecer o que é unha ampliación de capital, os seus diferentes tipos, características e as consecuencias que ten.
- Entender o concepto de dereito preferente de subscripción, así como saber calcular o seu valor teórico en casos sinxelos.
- Caracterizar o mercado financeiro e entender o seu funcionamento, determinando os activos e os axentes que interveñen nel.
- Entender o mercado de valores e a bolsa como institución fundamental do mercado financeiro.
- Caracterizar e diferenciar as fontes de financiamento segundo os diferentes criterios.
- Recoñecer o custo da fonte financeira, tanto implícito como explícito, os prazos e as condicións de financiamento.

- Diferenciar os títulos de propiedade dos títulos de débeda das empresas.

UD 10. Os investimentos da empresa

- Diferenciar entre investimento económico e investimento financeiro, poñendo en relación ambos os conceptos.
- Clasificar os diferentes tipos de investimento segundo a súa función na empresa.
- Coñecer os criterios de selección de investimentos que non contemplan o cambio de valor dos fluxos monetarios polo transcurso do tempo, analizando vantaxes e inconvenientes.
- Apreciar a utilidade que teñen as matemáticas financeiras para a análise de investimentos.
- Distinguir os métodos de selección de investimentos financeiros dos métodos que non teñen en conta o cambio do valor dos cartos polo paso do tempo.
- Describir, utilizar e saber interpretar o método da taxa interna de rendibilidade (TIR) como criterio de selección de investimentos.
- Saber utilizar o criterio do valor actual neto na selección de investimentos.
- Coñecer cada un dos conceptos que son relevantes na análise do criterio do valor actual neto na selección de investimentos.
- Coñecer o concepto de amortización.
- Explicar os distintos tipos de causas que orixinan a amortización.
- Saber calcular por diferentes métodos a cuantificación da amortización

UD 11. O patrimonio e as contas da empresa

- Diferenciar e clasificar os bens, dereitos e obrigas das empresas en masas patrimoniais e deducir, a partir delas, o neto patrimonial das empresas.

- Coñecer o concepto de patrimonio e os elementos que o compoñen.
- Saber interpretar criticamente diferentes informacións que aparezan nos medios de comunicación sobre o resultado das empresas e dos escándalos e boas prácticas que se dan na realidade e que teñan que ver coa forma de dar a información contable.
- Relacionar os compoñentes do patrimonio cos conceptos de investimento e financiamento na empresa, e entender o su significado financeiro.
- Entender que é o plan xeral de contabilidade, cal é a súa función e de que principais elementos se compón.
- Coñecer e saber interpretar os principais estados contables.
- Facer casos simples de balances de situación.
- Distinguir entre os conceptos de resultados de explotación, resultados financeiros, resultados extraordinarios e beneficios netos, e entender o seu significado e importancia para o estudo da empresa.
- Entender e diferenciar doutros estados contables a conta de perdas e ganancias, atendendo á súa función e á información que transmite.
- Coñecer os principais métodos de valoración das diferentes masas patrimoniais e valoralos criticamente como reflexo real do valor das empresas.

UD 12. Análise financeira da empresa

- Identificar a información contable do balance para recoñecer a estrutura económica e financeira da empresa e a relación entre ambas.
- Entender o concepto de fondo de manobra, saber calculalo e interpretalo, deducindo a partir del os diferentes estados de equilibrio financeiro das empresas.
- Analizar con rigor científico os datos da información económica diaria sobre aspectos financeiros.

- Aplicar os devanditos conceptos a casos da prensa e da información dada polos medios de comunicación xerais e especializados.
- Lembrar as masas patrimoniais e os seus significados, así como sabelos organizar segundo os criterios contables.
- Entender os diferentes instrumentos de análise contable e a súa importancia.
- Entender, calcular e interpretar as principais *ratios* de información contable.
- Coñecer as medidas legais ante os desequilibrios financeiros.
- Analizar estas situacións legais en casos dados polos medios de información.
- Entender e calcular o PMM económico financeiro.

UD 13. Análise económica e social da empresa

- Comprender a importancia que ten, para a toma de decisións, a medición adecuada da rendibilidade empresarial.
- Afianzar o cálculo dos diferentes tipos de resultados empresariais e analizar a conta de perdas e ganancias en termos relativos.
- Coñecer os distintos tipos de rendibilidade que poden obterse, interpretando o seu resultado.
- Analizar a relación entre rendibilidade económica, marxe sobre vendas e rotación de vendas.
- Comprender a interrelación que existe entre a estrutura financeira e a rendibilidade empresarial.
- Realizar informes económico-financeiros que aconsellen ante a decisión de financiar novos investimentos empresariais.
- Describir os diferentes tipos de tributos e coñecer os principais conceptos tributarios.
- Realizar exercicios simulados do IVE e Imposto de Sociedades.
- Comprender os beneficios que ten para a empresa unha relación amigable co medio.

- Coñecer os aspectos necesarios para elaborar o balance ético dunha empresa.

UD 14. Dirección e organización da empresa

- Identificar e clasificar as diferentes funcións da área de dirección da empresa, así como os diferentes niveis de dirección.
- Identificar as fases da planificación e control entendendo os seus diferentes niveis e importancia, e saber aplicalas en tarefas cotiás, en calquera empresa que se desexe levar a cabo.
- Entender e saber identificar os principios da organización empresarial, apreciando a súa evolución no tempo así como as achegas doutras ciencias para conseguir unha xestión máis eficaz.
- Diferenciar a estrutura formal da informal, aplicándoa á realidade cotiá e vendo a importancia que teñen ambas en calquera organización.
- Valorar criticamente as figuras do directivo e o líder dentro da empresa.
- Saber que é un organigrama e utilizalo para describir as estruturas organizativas das empresas e grupos sociais aos que se pertence.
- Valorar criticamente o concepto de poder e autoridade desde a responsabilidade.
- Entender o concepto de estrutura organizativa e coñecer as estruturas máis correntes que se dan no mundo empresarial, definindo as vantaxes e inconvenientes que ten cada unha delas e as circunstancias que as fan máis desexables, dada a realidade en que se desenvolven

UD 15. A dirección de recursos humanos

- Valorar a importancia que ten para unha empresa contar cun bo equipo de persoas que, ademais, estea motivado para alcanzar os obxectivos da empresa.
- Estudar as diferentes técnicas de motivación existentes.
- Comprender a importancia das técnicas de motivación e relacionalas cos obxectivos

da empresa.

- Coñecer as diferenzas que existen entre un líder e un directivo.
- Identificar as características que debe ter un líder nunha empresa.
- Estudar os factores que se precisan para que o proceso de comunicación dentro dunha empresa sexa eficaz.
- Explicar as condicións que se deben dar para que a comunicación empresarial logre os obxectivos desexados.
- Analizar as condicións que debe cumprir un novo traballador para que se adapte ao labor que debe realizar na empresa.
- Coñecer a normativa existente no noso país sobre a modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

UD 16. O proxecto empresarial

- Coñecer e identificar os factores que favorecen a creación empresarial, así como as calidades dos emprendedores.
- Coñecer, diferenciar e identificar as diferentes fontes de novas ideas e de depósitos de emprego.
- Valorar o carácter creativo dos empresarios e os emprendedores, así como a importancia da constancia, o esforzo e os coñecementos para levar con éxito calquera actividade que un se propoña.
- Reflexionar criticamente sobre o papel dos empresarios, as súas achegas á sociedade e a importancia que teñen no tecido económico dunha sociedade.
- Entender o concepto de creatividade aplicado ao mundo empresarial e á creación de negocios.
- Diferenciar os pensamentos diverxente e converxente como elementos necesarios en calquera actividade.

- Coñecer e aplicar diferentes técnicas de pensamento diverxente como fonte de creatividade.
- Entender a finalidade do plan de empresa.
- Coñecer as diferentes fases do plan de empresa, reflexionando sobre a importancia de cada un deles.
- Realizar un pequeno proxecto de plan de empresa adecuado ás condicións e coñecementos dos alumnos.
- Buscar información en internet e outros medios de comunicación referida aos mercados para aplicala aos proxectos de empresa.
- Coñecer as vantaxes e inconvenientes das diferentes formas de empresa, así como as obrigas administrativo-fiscais que supoñen para crear unha empresa.

III. Metodoloxía.

De acordo co establecido no PCC, a metodoloxía a seguir nesta programación tratará de darlle un enfoque eminentemente práctico á asignatura. Non obstante, é imprescindible a introducción polo docente dunha primeira introducción teórica a cada un dos temas, facilitando a adquisición de conceptos mediante a súa explicación e acercamento ó nivel de desenrolo e capacidade do alumnado.

O método a aplicar en cada tema consistirá nunha pequena introducción teórica plagada de exemplos cercanos á realidade dos alumnos, abrindo un pequeno coloquio sobre os problemas plantexados. Acto seguido realizaranse actividades encaminadas a asegura-lo aprendizaxe dos contidos explicados e a investigación da realidade circudante respecto ós mesmos.

Tratarase en todo momento de inculcarlles ós alumnos una actitude dinámica, de búsqueda de información e análise da mesma.

Na impartición da materia vaise seguir o libro “**Economía de la Empresa**, de Andrés Cabrera editorial SM, ed. 2011.

Por outra banda, e sen perder de vista o deseño curricular base proposto desde a comunidade galega, ó teren os alumnos que realizar ó final do curso as probas de acceso á universidade sobre esta materia, tívose especialmente en conta as orientacións ó D.C.B. (Deseño Curricular Base) efectuadas polo grupo de traballo sobre a materia.

O temario, tras unha introducción ó concepto de empresa, ó seu entorno clases e normas reguladores, introdúcese no análise de todas e cada unha das funcións a desenrolar na mesma: produción, comercialización, financiación e planificación e organización. O estudo de cada unha desas funcións realizarase cun enfoque eminentemente práctico, buscando a máxima inmediatez posible no aprendizaxe dos conceptos polo alumno.

Utilizaranse presentacións informáticas como ferramenta de apoio ás explicacións nas clases que posteriormente se poñeran a disposición do alumnado no sitio web do departamento.

Completaranse o contido do libro con traballos sobre artigos periodísticos ou sitios web seleccionados.

IV. Avaliación.

A avaliación debe ser GLOBAL, non só do alumno senón tamén de tódolos axentes que interveñen no proceso educativo. Tamén deberá ser CONTINUADA, e non circunstancial.

O Bacharelato aparte da súa función formativa e terminal, ten tamén unha función preparatoria para os estudos universitarios (propedéutica). Polo tanto, a avaliación acentuará o seu carácter intelectual e académico, dando máis énfase ó dominio de obxectivos e coñecementos propios de cada área ou materia.

Avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para comprobar o nivel de coñecementos dos alumnos dos conceptos económicos estudados en cursos pasados nas outras materias realacionadas coas ciencias sociais. Consistirá nunha proba escrita. En función dos resultados obtidos a profesora organizará as tarefas de reforzo que considere adecuadas para cada caso.

Criterios de avaliación para a materia de economía da empresa.

E importante que os criterios de avaliación sexan claros e precisos, e que se elaboren tendo en conta os obxectivos de asignatura. Os criterios de avaliación por unidades didácticas son:

UD 1. O papel da empresa na economía

- Definir e identificar os diferentes recursos e axentes económicos, e as interaccións que se establecen entre eles.
- Definir, distinguir e relacionar as distintas partes do ciclo produtivo, as áreas funcionais e os compoñentes da empresa.
- Caracterizar o funcionamento dos mercados e os diferentes tipos deles que existen segundo a súa competencia.
- Explicar as causas dos diferentes tipos de obxectivos que se presentan na empresa a partir dos grupos sociais que actúan nela.
- Describir as diferentes teorías sobre a empresa e a figura do empresario.

UD 2. Clases e formas de empresa

- Describir e identificar os principais criterios de clasificación das empresas.
- Distinguir as diferenzas esenciais que hai entre as distintas formas de empresa en canto ao número de socios, as formas de acceso á propiedade, a responsabilidade

fronte a terceiros, o goberno e a representación das empresas.

- Diferenciar as empresas personalistas, capitalistas e de economía social.
- Definir que é unha acción, diferenciar as súas distintas clases e coñecer os dereitos que a súa posesión lles confire aos seus propietarios.
- Coñecer as vantaxes e desvantaxes de cada unha das formas xurídicas de empresa.

UD 3. Ámbito da empresa e estratexia empresarial

- Describir e identificar os factores do ámbito xeral e específico dunha empresa.
- Citar e explicar brevemente as diferentes ameazas e oportunidades que lle poden afectar a unha empresa.
- Describir as estratexias básicas que a empresa adopta para alcanzar vantaxes competitivas que permitan o logro dos seus obxectivos.
- Analizar os distintos ámbitos de responsabilidade da empresa.
- Describir brevemente as leis que garanten o funcionamento do mercado desde o punto de vista da competencia.

UD 4. O desenvolvemento das empresas

- Enumerar, explicar e aplicarlles a situacións simuladas os factores de localización, tanto comercial ou de servizos, como industrial.
- Enunciar e coñecer os criterios que habitualmente se empregan para medir a dimensión das empresas.
- Identificar as distintas posibilidades de crecemento das empresas.
- Comprender que é a integración vertical das empresas e explicar as diferentes vías de crecemento externo.
- Analizar e explicar as vantaxes e inconvenientes e a relación de complementariedade, entre as grandes empresas e as pemes.

UD 5. A función produtiva da empresa

- Describir o proceso produtivo e identificar os principais sistemas produtivos.
- Analizar diferentes procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia técnica e económica.
- Calcular os distintos tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa e representalos graficamente.
- Sinalar as etapas do proceso de formación de custos empresariais, e diferenciar entre custos directos e indirectos.
- A partir de datos achegados relativos á produción dunha empresa (custos, nivel de produción, ingresos etc.), explicar o concepto de punto morto, achalo e representalo graficamente.

UD 6. Produtividade, eficiencia e innovación

- Saber calcular *ratios* de produtividade, interpretando convenientemente os resultados obtidos e coñecer a maneira de mellorar a produtividade nunha empresa.
- Coñecer as vantaxes do investimento en I+D+i e a importancia da existencia dun sistema de patentes que protexa os descubrimentos e xere incentivos para o cambio tecnolóxico.
- Identificar os custos que xera o almacén e resolver sinxelos exercicios sobre o ciclo de inventario, en que se destaquen os conceptos máis relevantes e se representen graficamente.
- Resolver exercicios de valoración de existencias mediante o método FIFO e de CMP.
- Valorar criticamente a actuación empresarial e recoñecer a importancia das externalidades negativas na produción e a necesidade de adoptar criterios de ecoeficiencia na xestión de recursos dentro da empresa.

UD 7. A función comercial da empresa

- Distinguir, ante unha actuación comercial dunha empresa, que accións corresponden a decisións de *marketing* estratéxico e cales a decisións de *marketing* operativo.
- Distinguir distintos tipos de mercado en función de distintos criterios e calcular a cota de mercado de empresas das que se coñezan os seus datos de vendas.
- Diseñar e realizar unha investigación de mercados dunha pequena empresa, sabendo distinguir entre información primaria e secundaria, e deseñando distintas técnicas de recollida de información en función das necesidades do estudo.
- Segmentar un mercado segundo os diferentes criterios estudados e adaptados ás distintas situacións.
- Distinguir a estratexia de *marketing* máis adecuada para cada tipo de mercado e xustificar o porqué.

UD 8. Os instrumentos do *marketing mix*

- Analizar un produto determinado indicando os seus compoñentes, os seus atributos e todos os aspectos que o diferencian dos da competencia.
- Describir o ciclo de vida do produto e identificar as características máis importantes de cada unha das etapas polas que pasa.
- Distinguir en que casos se pode levar adiante unha política de prezos ou outra e explicar cales son os diferentes sistemas de fixación de prezos que se poden utilizar.
- Diseñar unha estratexia para a promoción dun produto e unha empresa utilizando un *mix* de comunicación apropiado para cada caso.
- Diferenciar os distintos tipos de canles de distribución existentes, distinguindo os diversos axentes que actúan nelas, e saber elixir a máis indicada ante distintas situacións hipotéticas.

UD 9. O financiamento da empresa

- Definir as funcións do financiamento da empresa.
- Distinguir e definir os diferentes tipos de financiamento atendendo aos criterios de propiedade, orixe e prazo.
- Coñecer as vantaxes e inconvenientes do financiamento interno e externo.
- Explicar os procesos de ampliación de capital e saber as súas consecuencias e os conceptos relacionados coa compensación de antigos accionistas a través do cálculo dos dereitos preferentes de subscrición.
- Ver as principais formas concretas de financiamento tanto interno como externo, a curto, medio e longo prazo, coas súas características, vantaxes e desvantaxes e diferenzas.

UD 10. Os investimentos da empresa

- Calcular o *pay back* dun investimento e sinalar as vantaxes e inconvenientes deste método de selección de investimentos.
- Calcular capitais equivalentes no tempo, empregando as matemáticas financeiras e as operacións de capitalización e desconto.
- Calcular a TIR de proxectos de investimento con dous fluxos netos de caixa e interpretar os resultados.
- Cos coñecementos adquiridos sobre o criterio do valor actual neto (VAN), seleccionar entre varios investimentos os máis interesantes e interpretar os resultados.
- Explicar o concepto de amortización e as causas que orixinan a depreciación dos equipos e coñecer o reflexo contable da amortización.

UD 11. O patrimonio e as contas da empresa

- Coñecer, definir e calcular o patrimonio a partir dos elementos que o compoñen.
- Diferenciar os diferentes libros e estados contables.

- Saber organizar os diferentes elementos patrimoniais nun balance e relacionalos coa súa función financeira.
- Saber elaborar unha conta de perdas e ganancias, e calcular os diferentes resultados que se obteñen dentro dela entendendo o seu significado.
- Coñecer os principais contidos, funcións e elementos do PGC prestando especial atención aos diferentes criterios de valoración das masas patrimoniais.

UD 12. Análise financeira da empresa

- Clasificar a información contable do balance e comprender a relación entre a estrutura económica e financeira da empresa.
- Definir, calcular e interpretar o fondo de manobra.
- Entender, calcular e interpretar as *ratios* para analizar a información contable, en especial, as *ratios* máis significativas, tanto de liquidez, como de solvencia e de débeda.
- Comprender e analizar as distintas medidas legais que se poden adoptar ante desequilibrios financeiros.
- Calcular o PMM económico e financeiro, e relacionalo coa estrutura financeira da empresa.

UD 13. Análise económica e social da empresa

- Analizar e interpretar mediante porcentaxes e *ratios* unha conta de perdas e ganancias.
- Calcular os distintos tipos de rendibilidade a partir dunha conta de perdas e ganancias interpretando o seu resultado.
- Realizar diagnósticos económico-financeiros e informes que guíen a toma de decisións na empresa.
- Identificar os principais tributos relativos do IRPF, IS, IVE e IAE, e resolver

exercicios que simulen a liquidación do IVE e IS.

- Poñer de manifesto a relación entre a rendibilidade e ética empresarial.

UD 14. Dirección e organización da empresa

- Coñecer, identificar e clasificar as funcións de planificación e control, así como as fases das que se compoñen.
- Entender o concepto de organización empresarial e os seus principios, e as achegas das diferentes escolas.
- Distinguir entre a estrutura formal e informal da empresa.
- Coñecer, identificar e diferenciar criterios de departamentalización, as súas características, vantaxes e inconvenientes.
- Coñecer, identificar e diferenciar as estruturas organizativas básicas, as súas características, vantaxes e inconvenientes e saber facer organigramas que as representen.

UD 15. A dirección de recursos humanos

- Coñecer as teorías que existen sobre a motivación.
- Analizar os factores de motivación e a súa aplicación en casos particulares que se dean na empresa.
- Estudar e valorar convenientemente os distintos estilos de dirección. Liderado e dirección.
- Diseñar as liñas básicas dun plan de comunicación para unha empresa.
- Coñecer a normativa laboral española, os contratos de traballo e as vías para resolver os conflitos que poidan xurdir no terreo laboral.

UD 16. O proxecto empresarial

- Sinalar os factores máis importantes que favorecen a creación empresarial, así como as calidades dos emprendedores.
- Mencionar diferentes fontes de novas ideas e de depósitos de emprego, recoñecendo a súa importancia e valor.
- Aplicar o concepto de creatividade ao mundo empresarial e de creación de negocios, empregando os pensamentos diverxente e converxente como elementos necesarios en calquera actividade.
- Diferenciar as distintas fases do plan de empresa.
- Avaliar as vantaxes e inconvenientes das diferentes formas de empresa, saber elixir unha en función de cada modelo de negocio e coñecer as obrigas fiscais dunha empresa.

De cara á superación da materia aplicaránse os distintos métodos de avaliación propostos no PCC respecto ó mesmo:

- Observación do traballo na aula.
- Intervencións na aula
- Probas obxectivas encamiñadas a determinar o grado de comprensión da materia de cada unidade.
- Exposicións realizadas polos alumnos de partes do temario baixo a guía, tutela e supervisión do profesorado.

En calquer caso, pese a multiplicidade de formas de avaliación, darase un maior peso na calificación final da materia á proba obxectivo, cun peso dun 80% sobre a calificación final, tanto nas avaliacións parciais como na nota global de curso. Sobre unha calificación de 10 puntos, a proba obxectiva explica como mínimo 8 puntos, deixándose un marxe máximo de

2 puntos para valorar aspectos tales como valores e actitudes na aula, cuxa calificación efectuarase en base ós resultados das observacións do traballo e comportamento na aula.

Se non fora posible deixar rexistros das observacións ou traballos complementarios desenvolto na aula a avaliación efectuarase de forma exclusiva en base ós resultados acadados na proba obxectiva.

	Calificación	Puntos na nota final
Proba obxectiva	0 a 10	0 a 8
Observacións	0 a 10	0 a 2

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, por tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

A. Proba obxectiva.

As probas escritas permiten valorar e cualificar os coñecementos do alumnado, así como do proceso de aprendizaxe. Este instrumento suporá unha porcentaxe do 80% da nota da avaliación, tanto nas avaliacións parciais como na calificación final do curso. Sobre unha calificación de 10 puntos, a proba obxectiva explica como mínimo 8 puntos, deixándose unha marxe máxima de 2 puntos para valorar os restantes criterios.

Se non fora posible deixar rexistros das observacións ou traballos complementarios desenvolto na aula a avaliación efectuarase de forma exclusiva en base os resultados acadados na proba obxectiva.

En función da natureza dos temas explicados, as probas escritas constarán dalgunha das seguintes modalidades de preguntas:

- Preguntas de resposta curta.

- Preguntas de resposta ampla, que poderán estar relacionados co desenvolvemento do tema ou coa resolución de cuestións prácticas, así como a análise e interpretación de datos ou cifras referidas a unha determinada situación dunha empresa real.

Procuraremos que as probas escritas sigan o esquema das probas de selectividade, as que terán que enfrentarse os alumnos ó finaliza-lo curso.

En cada avaliación faránse dúas probas.

En cada avaliación faráse a media aritmética das notas obtidas nas dúas probas ,sempre e cando se obteña una puntuación mínima de 4 puntos nalgunha das mesmas , e esa media aritmética terá que ser igual ou superior a 5 puntos para superar a avaliación. En caso contrario o alumno deberá presentarse a unha proba de recuperación que abranguerá todo o temario impartido no trimestre.

Como a avaliación é un proceso continuado farase unha proba de continuidade que será en cada avaliación de todos os contidos impartidos ata ese momento. A cualificación de esta proba terase en conta a hora da cualificación final da materia.

B. Observacións.

Os aspectos a observar no comportamento do alumnado da clase susceptible de ser valorado e por tanto de calificar a efectos da avaliación:

-
- A. Traballo en equipo.
- Amona iniciativa no desenrolo do mesmo.
 - Actúa de forma coordinada e colaborativa co resto de membros.
 - Mantén unha actitude de respecto cara ós seus compañeiros.

B. Participación na clase.	<ul style="list-style-type: none"> - Plantexamento de dúbidas relacionadas ca materia explicada - Facer aportacións canda así se solicite polo profesorado, de forma xeral ou personalizada
C. Convivencia	<ul style="list-style-type: none"> - Falar na clase - Alterar o mobiliario: mesas, cadeiras, etc. - Tirar papeis, restos de comida. - Comer ou mascar chicles, golosinas, etc.
D. Traballo en clase	<ul style="list-style-type: none"> - Seguemento das explicacións - Desenrolo das tarefas encomendadas. - Traer o material necesario
E. Traballo en casa	<ul style="list-style-type: none"> - Entrega - Contido, se contestan todas as cuestións ou non. Sospeitas de traballo copiado. - Traballo ben presentado, sen tachaduras nin faltas de ortografía destacables.

Todos os items están redactados en positivo agás o C que está redactado en negativo, sendo as táboas de puntuación as seguintes:

Aspectos observados	A, B, D e E	Non, nunca	Case nunca	Case sempre	Sí, sempre
	C	Sí, sempre	Case sempre	Case nunca	Non, nunca
Puntuación:		0	4	8	10

Cada aspecto valorarase de 0 a 10 e ó final de cada periodo de avaliación obterase un valor medio sobre os que se calculará unha media por avaliación que será a nota final das

observacións. Aquellos aspectos que non puideran ser observados dunha forma directa non serán valorados e non se terán en conta á hora de facer as medias semanais.

C. Recuperación da materia.

A efectos da recuperación desta materia para aqueles alumnos que ó final do periodo non alcancen os obxectivos establecidos en cada unha das partes do mesmo deseñaranse actividades específicas dirixidas a asegurar o alcance das principais obxectivos asociados a cada unidade didáctica.

Ditas actividades consistirán basicamente, na asimilación dos conceptos básicos centrais de cada unidade e na resolución de problemas de tipo práctico basados neses contidos teóricos.

A tal efecto, deseñaranse as actividades de ensinanza-aprendizaxe específicas a desenrolar co alumno en atención ós déficits de formación específicos que presente, todas elas encamiñadas á superación da materia.

A realización de ditos actividades completarase cunha proba final obxectiva de carácter teórico-práctico, na que o alumno deberá de poñer en práctica as capacidades adquiridas ó longo de curso e ca realización das actividades indicadas.

Dita proba realizarase, para cada avaliación, ó principio da seguinte, a fin de aproveitar a cercanía das explicacións. Na última avaliación, a proba obxectiva de recuperación de esta avaliación efectuarase de forma simultánea ca proba final para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación pendente. Así mesmo, en setembro efectuarase unha convocatoria extraordinaria na data que a tal efecto se sinale pola dirección do centro. En dita convocatoria se acudirá ca materia completa, con independencia de cal sexa a parte suspensa polo alumnado.

A proba obxectiva de recuperación terá as características descritas anteriormente.

Na avaliación da recuperación teranse tamén en consideración co mesmo criterio os resultados das táboas de observación acadadas durante o curso.

D. Avaliación extraordinaria

A proba extraordinaria de setembro versará sobre os contidos mínimos recollidos no apartado VII de este epígrafe e terá a mesma estrutura que as probas obxectivas efectuada ó longo do curso, se ben na avaliación da mesma non se terá en conta mais que o resultado da mesma, sen entrar a valorar aspectos actitudinais nin de comportamento.

V. Actividades extraescolares

Inicialmente, dadas as características do alumnado e do curso, non se ten previsto desenvolver ningunha actividade de carácter extraescolar. Non obstante conforme se desenrole o curso valorarase a posibilidade de desenvolver algunha actividade complementaria sempre e cando o programa se vai cumprindo sin incidencias e se observe no grupo interese pola súa realización.

VI. Unidades didácticas

Para o desenvolvemento dos contidos, tomamos como referencia os contidos recollidos no Decreto 126/2008 . DOG DO 23 de xullo. No referido Decreto exprésase que os bloques de contidos organízanse seguindo os esquemas máis comúns de ordenación da materia para o seu estudio: tomando como criterio de agrupación as distintas áreas de actividade da empresa e engadindo un último bloque con determinados contidos actitudinais e de valores, que poderían ser incorporados nos bloques previos, polo que na programación os contidos actitudinais van incorporadas en cada unha das unidades didácticas.

Outro aspecto a ter en conta á hora de tratar os contidos tamén recollido no devandito Decreto é que no estudio na aula os temas deben ser presentados relacionándoos co contexto socioeconómico, sistema financeiro, situación política, legislación, nivel profesional, etc., polo que tratarei de que, en cada unidade didáctica os distintos contidos poidan relacionalos coa súa realidade máis próxima.

CONTIDOS DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. O papel da empresa na economía

CONCEPTOS

1. A actividade económica: preguntas básicas.
2. As relacións entre os axentes económicos e a coordinación entre eles.
3. As funcións da empresa na economía de mercado.
4. Teorías e evolución do concepto de empresario e a visión actual.
5. Concepto de beneficio e de rendibilidade.
6. O ciclo de produción.
7. Compoñentes da empresa.
8. Os grupos sociais da empresa.
9. Áreas funcionais da empresa.
10. Os diferentes obxectivos da empresa.
11. Teorías sobre a empresa.
12. O mercado e clasificación segundo o grao de competencia que se dá nel.

PROCEDEMENTOS

- Clasificación e descrición dos medios de produción, así como dos axentes económicos e dos mecanismos de coordinación ou mercados.

- Creación e utilización de gráficos para mostrar as relacións entre os axentes económicos, a creación de valor e o ciclo de produción.
- Creación e utilización de cadros comparativos para o estudo e análise das diferentes teorías sobre o empresario, a empresa e os distintos tipos de mercado atendendo á competencia.
- Clasificación e diferenciación das diferentes áreas da empresa e dos compoñentes que a constitúen.
- Diferenciación dos diferentes obxectivos da empresa e das causas que os orixinan.
- Creación e utilización de mapas conceptuais para sintetizar a realidade da empresa e as súas diferentes dimensións.
- Aplicación dos diferentes contidos á realidade mediante exemplos próximos extraídos dos medios de comunicación.

ACTITUDES

- Valoración da complexidade das interaccións entre os diferentes elementos e axentes que participan na actividade económica.
- Concienciación da importancia da empresa na sociedade actual como xeradora de riqueza e creadora de utilidade dos bens e servizos.
- Valoración crítica e sen prexuízos da figura do empresario e da orixe dos beneficios que xera a súa actividade.
- Recoñecemento da importancia dos diferentes grupos sociais que participan na realidade da empresa.

UD 2.Clases e formas de empresa

CONTIDOS

1. Principais criterios de clasificación de empresas: segundo sector de actividade, ámbito de actuación, tamaño ou dimensión e titularidade do capital.

2. As empresas segundo a súa forma xurídica: trazos principais de diferenciación.
3. O empresario individual: concepto, características e vantaxes e inconvenientes desta forma xurídica.
4. As sociedades personalistas, os seus tipos.
5. As sociedades de responsabilidade limitada: concepto, características e vantaxes e inconvenientes.
6. A sociedade anónima: concepto, características e vantaxes e inconvenientes.
7. As accións nas sociedades anónimas.
8. As empresas de economía social ou de interese social: tipos, características e vantaxes e inconvenientes.

PROCEDEMENTOS

- Clasificar as formas xurídicas de empresa segundo o número de socios e a súa responsabilidade, e o capital achegado ao inicio da sociedade.
- Levar a cabo simulacións sobre creación de empresas, que impliquen xustificar a forma xurídica máis apropiada.
- Partindo de situacións concretas relativas á dimensión dunha empresa, ao seu ámbito de actuación, á necesidade de financiamento, á responsabilidade asumida polos propietarios, ao número de socios etc., xustificar razoadamente a tipoloxía xurídica de empresa máis conveniente.
- Realizar cadros comparativos que indiquen as diferenzas entre as distintas formas xurídicas de empresa, así como as vantaxes e desvantaxes de cada unha delas.
- Identificar os pasos necesarios para a constitución dunha sociedade.
- Realización de debates acerca das vantaxes e os inconvenientes que teñen as empresas de economía social con respecto a outras clases de empresas.

ACTITUDES

- Capacidade para recoñecer as distintas formas xurídicas de empresa e as vantaxes e inconvenientes que presenta cada unha delas.
- Ser conscientes da importancia que ten, para o logro dos obxectivos empresariais, a elección da forma xurídica.
- Valorar positivamente as empresas de economía social e, en especial, as posibilidades que ofrecen para o emprego en épocas de crise.
- Interese por coñecer o funcionamento democrático dos órganos de dirección das sociedades.
- Interese por coñecer a complexidade das sociedades anónimas, así como os problemas derivados dos diferentes obxectivos existentes entre propietarios e xestores.

UD 3. Ámbito da empresa e estratexia empresarial

CONTIDOS

1. Factores do ámbito xeral.
2. Factores do ámbito específico.
3. Sector de actividade, liderado, cota de mercado e poder de mercado.
4. As forzas competitivas dentro dun sector.
5. Análise do ámbito: o método DAFO.
6. A estratexia competitiva: principais estratexias competitivas da empresa.
7. A responsabilidade social e medioambiental.
8. A responsabilidade social da empresa e os seus ámbitos.
9. O marco xurídico da actividade empresarial.

PROCEDIMENTOS

- Definición breve dos diferentes factores do ámbito da empresa.
- Diferenciación entre os factores do ámbito xeral e os factores do ámbito específico.
- Análise da cota de mercado e identificación da empresa líder dun sector.

- Elaboración de diagnósticos do sector e previsión de prognósticos aplicando o método DAFO.
- Identificación das forzas competitivas que caracterizan un sector.
- Análise das diferentes estratexias que pode adoptar unha empresa para ser competitiva.
- Descrición e diferenciación dos diferentes ámbitos de responsabilidade social da empresa.
- Analizar textos que poñan de manifesto os custos sociais xerados por determinadas empresas.

ACTITUDES

- Valorar a adaptación da empresa ao seu medio como condición básica para o seu desenvolvemento.
- Coñecer a importancia que ten para a empresa a correcta distribución de recursos.
- Ser consciente da obrigatoriedade que teñen as empresas de respectar as leis que regulan o mercado.
- Actitude crítica cara a aqueles sectores de actividade que falsean ou restrinxen a competencia.
- Valoración da tecnoloxía como estratexia competitiva básica.
- Actitude crítica ante aquelas situacións en que determinadas empresas non asumen os custos sociais que xera a súa actividade.
- Recoñecer o compromiso ético que adoptan determinadas empresas.

UD 4. O desenvolvemento das empresas

CONTIDOS

1. Localización e dimensión empresarial.
2. A localización industrial e a localización comercial e de servizos.
3. Criterios empregados para medir a dimensión das empresas.
4. Dimensión, capacidade produtiva e ocupación.

5. As economías de escala. A dimensión óptima da empresa.
6. O proceso de desenvolvemento das empresas.
7. As estratexias de especialización e de diversificación de actividades.
8. A concentración e a cooperación entre empresas.
9. A grande empresa e as pemes, vantaxes e inconvenientes.
10. A empresa multinacional, características, estratexias de desenvolvemento e responsabilidade social.

PROCEDEMENTOS

- Descrición e análise dos diferentes factores que determinan a localización empresarial.
- Explicación dos factores que condicionan a localización industrial e a localización comercial e de servizos.
- Identificación dos criterios máis utilizados para medir a dimensión das empresas.
- Análise da relación entre rendementos de escala e dimensión empresarial.
- Comparación da estratexia de especialización e a estratexia de diversificación como camiños alternativos de crecemento empresarial.
- Análise das vantaxes e inconvenientes que ten o proceso de integración vertical.
- Identificación das modalidades de concentración empresarial.
- Comparación das vantaxes e inconvenientes que posúen tanto as pemes coma a grande empresa.
- Identificación das características da empresa multinacional e das vantaxes e inconvenientes para os países receptores.

ACTITUDES

- Valoración da transcendencia que teñen para o futuro da empresa as decisións relativas á localización e dimensión.
- Ser conscientes da interrelación existente entre as decisións de localización e dimensión.

- Actitude crítica ante as decisións de deslocalización de empresas que obteñen beneficios, co obxectivo de incrementalos sen ter en conta os custos sociais que se producen.
- Valoración da importancia do crecemento empresarial como estratexia competitiva.
- Valoración do papel do Estado como garante da competencia empresarial.
- Actitude crítica cara ás actuacións dalgunhas multinacionais que provocan custos sociais en determinados países, aproveitando unha lexislación máis permisiva que na existente no país de orixe.

UD 5. A función produtiva da empresa

CONTIDOS

1. Área de produción da empresa.
2. Utilidade de lugar, forma, tempo e propiedade.
3. Tipoloxía de sistemas produtivos.
4. Eficiencia técnica e económica.
5. A produtividade dun factor e a produtividade global da empresa.
6. Os custos fixos, variables, totais e medios.
7. Ingresos.
8. Beneficios.
9. Custos directos e indirectos.
10. Proceso de formación do custo empresarial.
11. Límite de rendibilidade ou punto morto.
12. O equilibrio da empresa en competencia perfecta.

PROCEDEMENTOS

Diferenciación dos tipos de utilidade que incorpora un produto.

- Descrición dos tipos de sistemas produtivos.

- Aplicación dos conceptos de eficiencia técnica e económica a diferentes técnicas produtivas, elixindo a máis rendible.
- Elaboración de casos prácticos de cálculo da produtividade de diferentes factores.
- A partir dos datos relativos á produción dunha empresa, cálculo dos distintos tipos de custos, ingresos e beneficios.
- Identificación das etapas do proceso de formación do custo empresarial.
- A partir de datos achegados, cálculo e representación gráfica do límite de rendibilidade ou punto morto dunha empresa, e toma de decisións sobre se interesa máis producir ou comprar certos elementos.
- Descrición do equilibrio da empresa en competencia perfecta.

ACTITUDES

- Valoración dos diferentes sistemas produtivos.
- Ser conscientes da importancia que ten a eficiencia para a competitividade dunha empresa.
- Valoración da relación directa que se establece entre a produtividade e o salario.
- Ser consciente da relación que existe entre a mellora da produtividade e o aumento dos beneficios.
- Capacidade para recoñecer os efectos positivos da intervención do Estado á hora de fomentar a investigación nas empresas.
- Disposición favorable á aplicación de contidos teóricos a supostos prácticos.
- Ser conscientes da importancia que ten para a toma de decisións empresariais o coñecemento do punto morto.

UD 6. Produtividade, eficiencia e innovación

CONTIDOS

1. A produtividade como indicador da eficiencia.

2. Causas do crecemento da produtividade: capital humano, cambio tecnolóxico, investimento e xestión de recursos.
3. Coñecemento tecnolóxico e I+D+i.
4. Calidade na produción e competitividade.
5. Os inventarios da empresa. O custo dos inventarios: de almacenamento, reposición e ruptura de *stock*.
6. Modelos de xestión de inventarios: método Wilson, Just in Time e ABC.
7. Valoración de inventarios: método FIFO e PMP.
8. As externalidades da produción.
9. Ecoeficiencia.

PROCEDEMENTOS

- Realización de casos prácticos de cálculo da produtividade de diferentes factores e interpretación dos resultados.
- Distinción entre investigación básica, aplicada e desenvolvemento tecnolóxico.
- Realización de casos en que o crecemento da produtividade sexa consecuencia de distintas causas.
- Identificación dos tipos de custos en que incorre unha empresa como consecuencia da necesidade de manter uns inventarios.
- Realización de casos prácticos de cálculo sobre o modelo de Wilson de xestión de inventarios.
- Análise dos novos sistemas de xestión de inventarios.
- Resolución de exercicios de valoración de inventarios a través do criterio de FIFO e de PMP.

- Lecturas que presenten diferentes situacións en que se poidan identificar externalidades negativas na produción ou empresas que optaron por un criterio de ecoeficiencia na produción.

ACTITUDES

- Flexibilidade e apertura de miras ante a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e as súas consecuencias na estrutura produtiva das empresas.
- Valoración do papel fundamental que ten a eficiencia para a competitividade dunha empresa.
- Toma de conciencia da relación existente entre a produtividade e os incrementos salariais dos traballadores
- Ser conscientes da relación que existe entre a formación e o capital humano das persoas e a produtividade das empresas.
- Apreciar a importancia do control de inventarios para lograr ganancias de produtividade, eficiencia e competitividade nunha empresa.
- Actitude crítica ante a aparición de externalidades na produción e creación dunha conciencia crítica que dirixa as decisións dos consumidores a comprar os bens das empresas que se guíen por criterios de ecoeficiencia.

UD 7. A función comercial da empresa

CONTIDOS

1. A actividade comercial e a súa evolución.
2. O proceso de planificación do *marketing*.
3. *Marketing* estratéxico e *marketing* operativo.
4. O mercado e a demanda.
5. A investigación de mercados.
6. Análise do consumidor.

7. Segmentación do mercado e criterios para levala a cabo.
8. O mercado obxectivo, o posicionamento da empresa e o produto e as distintas estratexias de *marketing*..

PROCEDEMENTOS

- Preparación dun plan comercial para empresas ficticias e para distintas situacións que se poidan dar no mercado.
- Levar a cabo estudos sobre o posicionamento dun determinado produto no mercado.
- Preparación de traballos e actividades que requiran segmentar un mercado para unha determinada empresa.
- Identificación de posibles obxectivos de *marketing* estratéxico e de *marketing* para unha empresa concreta.
- Análise de casos prácticos en que se poñan de manifesto as distintas estratexias de *marketing*.
- Análise de campañas publicitarias levadas a cabo por diferentes empresas destacando os aspectos máis relevantes dos estudados na unidade e presentes nas devanditas campañas.

ACTITUDES

- Actitude crítica ante a información e as mensaxes procedentes das redes e os medios de comunicación, así como das estratexias agresivas dos publicistas por conseguir aumentar as vendas do seu produto.
- Interese por conseguir unha información precisa e completa sobre as prácticas empresariais e desenvolvemento dunha actitude crítica ante aquelas que atenten contra os dereitos dos consumidores.

- Valoración positiva das ferramentas do *marketing* cando o seu uso é respectuoso cos dereitos do consumidor ou cando a mensaxe trata de promover actitudes nobres e necesarias para a sociedade.

UD 8. Os instrumentos do *marketing mix*

CONTIDOS

1. O *marketing mix*.
2. A política de produto.
3. A identificación do produto.
4. A introdución, o crecemento, a madurez e o declive no ciclo de vida dun produto.
5. As políticas de prezos.
6. A comunicación ou promoción dun produto.
7. Publicidade desleal e outras prácticas inadecuadas.
8. As canles de distribución dun produto.
9. Novas tecnoloxías e *marketing*.

PROCEDEMENTOS

- Diferenciación, en casos concretos, dos distintos atributos dun produto.
- Lectura de textos publicitarios e de informacións críticas coas estratexias levadas a cabo polas empresas.
- Identificación da etapa en que se atopa un produto e deseño do *marketing* adecuado en cada caso.
- Establecemento do prezo dun produto a través do criterio do custo ou da demanda.
- Investigación da canle de distribución dun produto de consumo cotián: os iogures.
- Análise dun novo instrumento do departamento comercial: o comercio electrónico e o *marketing on line*.
- Debates sobre os límites éticos á publicidade.

ACTITUDES

- Valoración crítica dos atributos engadidos a un produto co fin de inducir a súa compra.
- Actitude crítica cara ás marcas e aos valores que lles tratan de transmitir aos consumidores.
- Toma de conciencia dos problemas do medio ambiente e o consumo masivo, e das estratexias publicitarias das empresas para incitar ao consumo.
- Coñecemento das estratexias que seguen as empresas para fixar prezos e valoración do que esconden os prezos altos e baixos.
- Reflexión sobre o papel dos intermediarios nunha canle de distribución e a súa repercusión no prezo dos produtos.
- Capacidade crítica para detectar a posible ilegalidade de determinadas campañas de publicidade e análise dos límites que non pode franquear a publicidade.

UD 9. O financiamento da empresa

CONTIDOS

1. Función financeira da empresa: a toma de decisións e a súa importancia.
2. As fontes de financiamento: concepto, tipos (atendendo aos criterios de prazo, propiedade e orixe) e equilibrio financeiro.
3. A constitución do capital social. A ampliación de capital: concepto, características, tipos e consecuencias da ampliación de capital, (o dereito preferente de subscripción e o seu valor teórico).
4. Autofinanciamento. Concepto, tipos, vantaxes e desvantaxes.
5. Financiamento externo: concepto e tipos máis importantes.
6. Mercado financeiro, funcionamento, axentes, activos e intermediarios. A bolsa.

PROCEDEMENTOS

- Descrición da función financeira da empresa.
- Creación de cadros comparativos para diferenciar as fontes de financiamento, atendendo ás súas características, vantaxes e desvantaxes.
- Realización de mapas conceptuais que permitan interrelacionar os diferentes aspectos da función de financiamento da empresa e do medio en que se desenvolve.
- Resolución de problemas que permitan determinar os valores nominais e teóricos das accións dunha empresa.
- Resolución de problemas que mostren as consecuencias da ampliación de capital e da forma de compensar os antigos accionistas a través dos dereitos preferentes de subscripción e o seu valor teórico.
- Lectura da prensa sobre noticias do mercado financeiro e dos produtos que presentan os axentes financeiros.

ACTITUDES

- Valoración da importancia da existencia dun mercado de fontes de financiamento que garanta os recursos para as empresas.
- Análise crítica das informacións dos diferentes axentes financeiros sobre os seus activos e as consecuencias no mercado financeiro a través da lectura da prensa.
- Reflexión crítica sobre a diferenza entre investir e especular.
- Fomento da actitude de traballo e esforzo para lograr un coñecemento pormenorizado das fontes de financiamento e as súas características.
- Respecto cara ás opinións dos compañeiros a través dos intercambios de información entre eles.

UD 10. Os investimentos da empresa

CONTIDOS

1. As decisións de investimento.

2. Os investimentos económicos e os investimentos financeiros.
3. A equivalencia de capitais no tempo.
4. O criterio do valor actual neto (VAN).
5. O criterio da taxa interna de rendibilidade (TIR).
6. Os criterios estáticos de selección de investimentos: o criterio do prazo de recuperación e o criterio do fluxo neto total.
7. Vantaxes e inconvenientes dos diferentes criterios de selección de investimentos.
8. A amortización dos investimentos. Causas que a xeran, métodos e reflexo contable.

PROCEDEMENTOS

- Clasificación dos investimentos en función da súa aplicación.
- Realización de casos prácticos de cálculo sobre proxeccións de capitais financeiros ao longo do tempo.
- Seleccionar investimentos a través do cálculo do seu VAN e interpretar os resultados.
- Calcular a TIR de proxectos de investimento con dous fluxos netos de caixa e interpretar os resultados.
- Calcular o *pay back* de distintos proxectos de investimento e comparación co fluxo neto de caixa total deses investimentos.
- Análise da amortización como forma de imputación do valor dos investimentos e de recoñecemento económico da perda de valor dos activos.

ACTITUDES

- Tomar conciencia da necesidade que teñen as empresas de investir para garantir a súa competitividade.
- Actitude activa ante a necesidade de complementar as ferramentas matemáticas coa valoración subxectiva do que ha de tomar a decisión final de investimento.
- Valoración da importancia da análise rigorosa e do traballo profesional á hora de abordar

decisións nun mundo complexo e cambiante.

- Ser conscientes da existencia de risco á hora de abordar determinados investimentos por diversos motivos e circunstancias.
- Actitude crítica ante as actitudes irresponsables que poñen en perigo a supervivencia da empresa e os seus postos de traballo.

UD 11. O patrimonio e as contas da empresa

CONTIDOS

1. Patrimonio, os seus compoñentes e o balance. Os bens, dereitos, obrigas e o neto patrimonial. A identidade básica do patrimonio.
2. Os elementos do patrimonio e as masas patrimoniais. Clasificación, prazo e estrutura.
3. sistema de información das empresas. A conta e as normas de elaboración. A fase descritiva a través dos libros contables. A síntese a través dos estados contables.
4. balance de situación: contido e forma.
5. A conta de resultados: contido e forma.
6. PXC: elementos e función.
7. Principais criterios de valoración do patrimonio.

PROCEDEMENTOS

- Explicación razoada do significado dos compoñentes do patrimonio.
- Clasificación das partidas de activo, pasivo e neto patrimonial.
- Interpretación financeira das diferentes masas patrimoniais.
- Identificación da función de recollida de datos por partida dobre.
- Elaboración, dunha forma clara, dun balance de situación dados diferentes elementos patrimoniais da empresa.
- Elaboración da conta de perdas e ganancias.
- Calculo dos diferentes resultados desde a conta de perdas e ganancias.

- Estruturação e síntese dos principais elementos do PXC, así como da súa función e descrición dos grupos aos que interesa esta información.
- Descrición dos principais sistemas de valoración das masas patrimoniais.
- Lectura e análise crítica de información acerca da contabilidade das empresas, a partir de noticias publicadas nos medios de comunicación.

ACTITUDES

- Ser consciente da importancia do patrimonio das empresas.
- Aplicación rigorosa da linguaxe específica da contabilidade.
- Valoración crítica do papel do Estado e das institucións públicas na elaboración das normas de tratamento e xestión da información contable das empresas.
- Toma de conciencia da importancia dos resultados da empresa para a sociedade.
- Interese por interrelacionar todos os coñecementos sobre a empresa adquiridos ata o momento, co significado dos estados contables.
- Valoración crítica das informacións dadas nos medios de comunicación sobre a contabilidade das empresas.

UD 12. Análise financeira da empresa

CONTIDOS

1. A estrutura económica e financeira da empresa e a súa análise no balance.
2. A relación entre os aspectos económicos e financeiros.
3. fondo de manobra. Concepto, significado e importancia para as empresas.
4. Instrumentos gráficos, matemáticos e porcentuais para a análise financeira das empresas.
5. As porcentaxes e a súa representación gráfica. As *ratios* de liquidez, tesourería, dispoñibilidade, garantía, endebedamento, calidade da débeda e autonomía financeira. Concepto e interpretación.

6. Os tipos de equilibrio na empresa. Equilibrio total, estabilidade, desequilibrio e desequilibrio total. Concepto, representación gráfica e consecuencias. As medidas legais: o concurso de acredores.

7. PMM económico e financeiro. Concepto, importancia e subperíodos.

PROCEDEMENTOS

- Cálculo e interpretación de datos porcentuais dos balances desde o punto financeiro.
- Realización e interpretación de gráficos porcentuais do balance desde o punto de vista financeiro.
- Cálculo, interpretación e resolución das principais *ratios*, e determinación de medidas de corrección para mellorar os resultados.
- Interpretación e cálculo do fondo de manobra.
- Determinación da situación de equilibrio patrimonial a partir do fondo de manobra.
- Cálculo e interpretación dos diferentes períodos medios de maduración.
- Recollida e interpretación de información de medios de comunicación, que se refira á situación financeira de institucións ou empresas.

ACTITUDES

- Valoración rigorosa da información que se dá sobre empresas desde o punto de vista contable.
- Valoración crítica, a partir dos coñecementos adquiridos, dos datos ofrecidos polos medios de comunicación.
- Conformación dunha visión máis exacta da realidade da empresa a partir dos instrumentos contables.
- Recoñecemento do papel dos poderes públicos nas situacións de concurso de acredores.

UD 13. Análise económica e social da empresa

CONTIDOS

1. Análise económica da empresa.
2. Análise da rendibilidade económica e financeira.
3. A rendibilidade económica a través da marxe comercial e a rotación de vendas.
4. Rendibilidade e estrutura financeira da empresa.
5. A fiscalidade que afecta ás empresas: o IRPF, o IS, o IVE e o IAE.
6. Do balance social ao balance ético das empresas.

PROCEDIMENTOS

- Enumeración dos diversos colectivos interesados en coñecer os resultados dunha empresa.
- Análise da conta de resultados a través da técnica de porcentaxes de participación de cada unha das partidas que a integran.
- Análise da rendibilidade económica e financeira a partir dos datos achegados pola conta de resultados.
- Partindo de supostos sinxelos, cálculo da rendibilidade económica a través da marxe de vendas e a cota de mercado dunha empresa.
- A partir de datos achegados, interrelación dos aspectos económicos e financeiros.
- Análise dos diferentes impostos que afectan á xestión empresarial.
- Realización de supostos prácticos de liquidación do IVE.

ACTITUDES

- Valoración positiva da información empresarial relativa á xestión, de forma que poidan informarse debidamente os axentes implicados.
- Valorar a importancia que ten para a viabilidade dunha empresa obter unha rendibilidade suficiente dos seus investimentos.
- Valorar a xestión empresarial baseada en principios de ética social.

- Valorar positivamente a contribución das empresas ao sostemento dos gastos públicos.
- Actitude crítica cara a aquelas empresas que defraudan e incumpren as súas responsabilidades sociais.

UD 14. Dirección e organización da empresa

CONTIDOS

1. A área de dirección da empresa. Niveis de dirección.
2. Funcións da dirección: planificación, control e organización.
3. A importancia da planificación. Fases e niveis de planificación.
4. O control. Fases do proceso de control e importancia desta función.
5. A organización formal: principios, escolas e historia. Criterios de departamentalización, estruturas organizativas e organigramas.
6. A organización informal: fundamentos, características e importancia.

PROCEDEMENTOS

- Planificación de actividades empresariais simples e de actividades cotiás dos alumnos.
- Establecemento de criterios e métodos de control para aplicarlos en supostos sinxelos de empresas e actividades persoais.
- Deseño de departamentalizacións e dos organigramas correspondentes que os representen.
- Lectura de organigramas e interpretación dos principios organizativos que se reflicten neles.
- Realización de cadros comparativos que reflictan as diferenzas entre a organización formal e informal, e os distintos criterios de departamentalización e das estruturas organizativas.

ACTITUDES

- Valoración crítica do concepto de autoridade e de responsabilidade.
- Reflexión sobre a planificación e control como aspectos esenciais para levar a cabo calquera actividade na vida.
- Valoración crítica dos diferentes principios que rexen a organización da empresa e a súa influencia no desenvolvemento do traballo.
- Reflexión sobre o papel que cada persoa desempeña nas organizacións informais ás que pertence.
- Reflexión e valoración crítica do papel dos xefes, directivos e líderes na empresa e noutros aspectos da vida.

UD 15. A dirección de recursos humanos

CONTIDOS

1. As funcións de dirección de recursos humanos.
2. A motivación humana. Teorías sobre a motivación.
3. As técnicas e factores de motivación.
4. Estilos e teorías sobre liderado.
5. A comunicación na empresa e os seus elementos: emisor, mensaxe, código, canle de comunicación e receptor.
6. A selección de persoal.
7. A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
8. O conflito colectivo e a negociación colectiva.

PROCEDIMENTOS

- Ante distintos supostos, identificación dos sistemas de motivación existentes na empresa.
- Análise das características propias dun líder.
- Debate sobre as distintas fontes de poder que utilizan os líderes.

- Identificación e valoración dos diferentes tipos de canles de comunicación que se poden utilizar nunha empresa.
- Análise de ofertas de emprego aparecidas nos medios de comunicación.
- Análise e valoración dos dereitos dos traballadores cando existe un conflito laboral.

ACTITUDES

- Toma de conciencia da importancia que ten a motivación en calquera traballo e actividade humana.
- Valoración crítica de distintos sistemas retributivos na empresa tendentes a modificar a motivación dos traballadores.
- Capacidade para recoñecer as fontes de poder que emprega un directivo ou un líder.
- Análise crítica dos distintos tipos de liderado e da súa posta en marcha na empresa.
- Valoración dos procesos de comunicación dunha empresa e capacidade de elección da maneira máis adecuada de comunicación en cada caso particular.
- Análise crítica dos procesos de selección de persoal.

UD 16. O proxecto empresarial

CONTIDOS

1. A figura do emprendedor.
2. Factores favorecedores para a creación empresarial
3. Calidades do emprendedor.
4. Orixes e novas oportunidades de negocio (NYD).
5. A creatividade na creación de empresas.
6. Pensamento converxente e diverxente.
7. Técnicas de pensamento creativo
8. O plan de empresa. Concepto, importancia e fases.
9. A forma xurídica na empresa concreta.

10. A S.L.N.E.

11. Obrigas administrativas e fiscais para a creación de empresas

PROCEDEMENTOS

- Elaboración de esquemas dos aspectos máis relevantes necesarios para a creación dun proxecto empresarial.
- Expoñer oralmente e por escrito unha idea de negocio que resulte convincente.
- Interpretar e analizar os datos de diversas fontes de información para analizar as necesidades do mercado e detectar, deste xeito, posibilidades de negocio.
- Realizar diferentes técnicas de pensamento diverxente creativo para favorecer a imaxinación na procura de novas ideas de negocio.

ACTITUDES

- Valorar criticamente os aspectos creativos e imaxinativos no ámbito empresarial.
- Valorar as achegas aparentemente diferentes do resto dos compañeiros.
- Reflexionar criticamente sobre as calidades dos emprendedores e realizar esa reflexión no ámbito persoal.
- Fomentar as actitudes orixinais fundamentadas no rigor e a constancia.

VII. Contidos mínimos

1. Clasificar os diferentes tipos de empresas, sinalando os seus trazos diferenciais.
2. Identificar os factores externos (poderes públicos, conxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos, consumidores, dinámica de poboación, localización industrial, relación co medio ambiente, etc.) que inciden na empresa, sinalando exemplos representativos.

3. Caracterizar as áreas básicas de actividade da empresa, sinalando as súas relacións, interdependencias e o seu distinto peso e importancia segundo o tipo de empresa, e escribir o proceso de funcionamento dun ciclo completo dunha empresa tipo.
4. Comprender o concepto de produtividade. Recoñecer e valorar as variábeis que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa. Por outra parte, preténdese que identifiquen e analicen o posíbel conflito entre unha forma de entender o éxito empresarial, medido exclusivamente a través da conta de resultados, e unha concepción que entende este éxito desde un marco de valores máis amplo, e que incorpora o impacto ambiental (ruídos, esgotamento dos recursos, residuos contaminantes), condicións de traballo saudábeis, corrección de inxustizas na distribución do valor engadido, garantías de calidade, promoción da investigación, etc.
5. A partir dos datos básicos do balance e conta de resultados dunha empresa, identificar a función dos seus elementos e interpretar o sentido económico e financeiro de cada un dos seus apartados, detectando posíbeis desequilibrios.
6. Identificar as principais fontes de financiamento da empresa tanto externas como internas, así como analizar e avaliar, a partir dunha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.
7. A partir do coñecemento directo dunha empresa ou institución (o propio centro escolar como institución, visita a unha empresa, asociación cultural), describir a súa estrutura organizativa, estilo de dirección e de comunicación, grao de participación nas decisións, organización informal.
8. Planificar e levar a cabo un plano de observación dunha empresa local e presentar a información de forma organizada e intelixíbel, incorporando xuízos propios e con referencias a exemplos e datos apropiados.

9. Elaborar un proxecto de creación de empresas, planificando o proceso que é necesario levar a cabo e avaliar a súa posibilidade económica, integrando os distintos coñecementos da materia, aplicándoos con creatividade para abordar un proxecto de iniciativa empresarial. A planificación debe recoller, tanto os aspectos económicos e financeiros como as formalidades legais de constitución, anticipando os diversos recursos

VIII. Medidas de atención a diversidade

En canto ás medidas directamente aplicables por non afectar a elementos esenciais do currículo para a atención a alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo levaremos a cabo as seguintes:

- Para aqueles alumnos que teñan problemas físicos acústicos ou visuais deberemos coidar esas condicións na clase evitando o murmurio, colocándoos nas primeiras filas, etc. Adaptaremos os materiais didácticos ás características psicolóxicas e sensoriais do alumnado.
- No desenvolvemento dos bloques temáticos partiremos sempre do máis simple intentando detectar as dificultades específicas de aprendizaxe. Partiremos de cuestións moi básicas que contemplan os contidos fundamentais que sexan capaces de resolver todos os alumnos e aumentaremos pouco a pouco o nivel de dificultade.

En definitiva, para estes alumnos deberemos dar prioridade aos contidos mínimos esixidos e así conseguir que pasen a materia con éxito.

IX. Recursos didácticos

Os recursos didácticos teñen unha función importante xa que determinan como se entende e se realiza o ensino. Ademais favorecen á autonomía do alumno polo que debemos empregar materiais e recursos didácticos suxerentes e variados.

Dentro dos recursos didácticos debemos distinguir entre materiais curriculares e didácticos. Entendendo por curriculares os que se fan exclusivamente para cumprilos obxectivos establecidos no currículo e por didácticos aqueles que non son elaborados pensando no currículo da materia, pero que se poden aproveitar para impartir a materia de Economía e Organización de empresas.

Entre os materiais curriculares empregaremos:

- Os alumnos teñen como libro de apoio o libro “Economía de la empresa” da editorial SM que servirá como fío conductor da asignatura.
- Libro “Economía de la empresa” editorial Mc Graw Hill. Autores José Alfaro, Clara González y Montserrat Pina..
- Libro “Economía da empresa”. 2º Bachalerato. Baía edicións. Autor Rafael Prieto Puga Fariña. Complementa o libro anterior especialmente no que se refire a adecuación do currículo a realidade galega.
- Economía e Organización de Empresas. Exercicios prácticos. Editorial Baía. Xa que inclúe casos prácticos de cada unha das áreas ademais dunha breve introducción teórica.

Recursos didácticos:

- Artigos de prensa diaria especializados nos temas a tratar.
- Materiais audiovisuais que permitan o uso de presentación PowerPoint e similares. Empregarémo-los para visualización de organigramas, vídeos sobre marketing, etc.

- Webgrafía: listado de webs, Blogs o portales de Internet: www.ecomur.es, www.igape.es, www.webeconomia.com, etc.
- Tamén empregaremos ademáis material facilitado pola profesora como son exercicios de probas de selectividade, textos complementarios.

X. Temporalización

A materia impártese en catro sesión semanais de 50 minutos cada unha.

A materia terá o seguinte reparto por avaliacións:

1ª AVALIACIÓN	UD 1 a 6
2ª AVALIACIÓN	UD 7 a 11
3ª AVALIACIÓN	UD 12 a 16

ANEXO I: IMPLANTACIÓN DAS TIC

I. Obxectivos

O departamento de Economía do IES Fernando Esquio, comprométense a participar de forma activa no proxecto e dende a súa área de coñecemento propoñen como obxectivos posible a acadar no desenvolvemento do mesmo, os seguintes:

A. Xerais

- Dinamizar o emprego das TIC entre todos os membros da comunidade educativa do IES Fernando Esquio.
- Introducir ós docentes nas posibilidades ofertadas polas TIC tanto no desenvolvemento da tarefa docente como no proceso de documentación e investigación asociados á mesma.
- Poñer á disposición do alumnado instrumentos e ferramentas que lles permitan acceder as posibilidades educativas e informativas implícitas nas TIC.
- Integrar ós pais/nais de alumnos na comunicación e información dixital, ofrecéndolles a oportunidade de acadar tanto formación sobre o emprego das TIC como información de relevancia sobre as posibilidades formativas e informativas que estas ferramentas ofrecen tanto ós seus fillos como a eles mesmos.
- Implantar no centro recursos e medios que posibiliten o desenvolvemento dun proceso auténtico de ensino-aprendizaxe no que as TIC xoguen un papel central.
- Lograr cunha parte importante da comunidade docente do IES Fernando Esquio empregue de forma significativa as TIC no súa actividade docente.

- Obter unha base de recursos educativos de elaboración propia ou adaptados que tome en consideración as necesidades e peculiaridades do entorno do IES.
- Inculcar no alumnado criterios de discriminación de contidos informativos con vistas a facer un uso formativo e propedéutico da rede Internet.
- Posibilitar a consecución polo alumnado de destrezas no emprego das ferramentas tecnolóxicas de uso mais habitual (procesadores de texto, follas de cálculo, navegadores de Internet, deseño gráfico, presentacións, etc.)
- Concienciar á comunidade educativa do IES Fernando Esquio da importancia das TIC para un proceso de ensino-aprendizaxe moderno e efectivo e trasladar a relativa sinxeleza do seu manexo.

B. Específicos

- Familiarizar ó alumnado co emprego das tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta didáctica nas áreas de Economía, Economía da Empresa, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras e Iniciativas Personais e Relacións Laborais..
- Poñer en valor o uso das TIC como fonte de información e recursos, fomentando o seu uso polo alumnado e potenciando a adquisición de criterio de discriminación á hora de buscar información relevante na web.
- Elaborar unha base de recursos educativos para as áreas de Economía, Economía da Empresa, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras e Iniciativas Personais e Relacións Laborais con soporte dixital.
- Diseñar un esquema de traballo continuado na aula baseado no emprego das TIC como fonte de información e recursos e como soporte divulgativo de contidos previamente elaborados.

- Crear un sitio web de referencia para as materias de Economía e Economía e Organización de Empresas, dentro da páxina web do IES, que sirva de guía de traballo permanente e de orientación para todo aquel interesado en ditas materias.
- Axilizar e potenciar a comunicación co alumnado mediante vías alternativas ós canles tradicionais: correo electrónico, blog,, foro, etc que ofrezan unha maior posibilidade informativa e requiran dunha certa destreza tecnolóxica para o seu emprego.
- Constituír unha relación de sitios web confiables e de relevancia nas diversas áreas didácticas de traballo do Departamento e estudar as posibilidades que ofrecen para o alumnado como fonte de información válida para o seu desenvolvemento.
- Prestar especial atención ó desenrolo polo alumnado de criterios que lles permitan discriminar a información atopada en función da confianza que lles inspire a fonte de procedencia, diferenciando os meros datos, das opinións e valoracións subxectivas, e tamén en función da identidade de quen os manifeste.
- Impulsar a utilización das TIC como ferramentas que permiten a comunicación entre individuos separados xeograficamente e compartir información e opinións, así como experiencias.
- Potenciar a adquisición de habilidades tecnolóxicas no alumnado esixindo o emprego das TIC como instrumento ou ferramenta de traballo no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

II. Temporalización

1º Trimestre

- Actualización e implementación do sitio web do departamento na web do centro.
- Confección de presentacións de unidades didácticas e cuestionarios para cumprimentar on-line,

2º Trimestre

- Avaliación dos resultados das actividades desenvoltas durante o primeiro trimestre e introdución das oportunas modificacións de cara ó segundo.
- Actualización do sitio web

3º Trimestre

- Avaliación de resultados e recompilación de material.
- Actualización do sitio web.
- Valoración da experiencia e control de resultados. Propostas para o próximo curso.

III. Recursos

- Aula informática con conexión a Internet
- Aplicacións informáticas básicas: procesador textos, folla cálculo, editores gráficos, programas de maquetación, conversores audio, ftp.
- Camaras dixitais e vídeo, grabadoras de son dixitais, escaner, proxector de vídeo, impresora.
- Ordenador portátil e cañón de vídeo para levar á aula convencional

IV. Actividades propostas.

Ditas actividades son de carácter xenérico e tratarán de levarse a cabo en todos os grupos nos que se imparta docencia, con especial atención ós curso de bacharelato.

- Desenrolo de presentacións para polo menos dúas unidades didácticas por trimestre académico
- Establecer para todas as unidades didácticas tests de control a través de cuestionarios telemáticos, etc.

V. Medidas de atención á diversidade.

A versatilidade das TIC facilita precisamente un tratamento máis personalizado do ensino, mediante o desenvolvemento de traballos e tarefas axeitados o desigual nivel do alumnado, modulando a complexidade ou dificultade dos mesmos ás súas capacidades.

Algunhas das medidas propostas dende o departamento concrépanse en:

- Traballos con diferente nivel de dificultade en función das capacidades do alumno.
- Grupos de traballo heteroxéneos que permitan a adquisición de destrezas por aqueles alumnos con un menor nivel de coñecementos no emprego das TIC.
- Diferente nivel de esixencia na valoración dos resultados en función das diferentes habilidades iniciais amosadas polo alumnado así como das súas capacidades.
- Actividades específicas dirixidas a potenciar o coñecemento en áreas nas que o alumnado amose máis problemas.

ANEXO II: PLAN LECTOR

I. Introducción

Con motivo da introducción da obrigación da elaboración dun Plan Lector para o centro a fin de potenciar as habilidades lecto-escritoras entre o alumnado, dende o departamento de economía deséxase concretar as actuacións a desenvolver dentro do seu ámbito académico para contribuir á consecución ós obxectivos de dito plan.

II. Obxectivos.

1. Facilitar ó acceso ós alumnos a fontes de información escrita e audiovisual sobre os ámbitos de economía e mercado de traballo.
2. Potenciar a autonomía do alumnado na búsqueda de información e na consulta dos fondos bibliográficos disponibles.
3. Ofertar tempo e espazo para a adquisición das habilidades lecto-escritoras básicas, dentro do tempo específico das materias do departamento no horario do alumno.
4. Promover a consecución dun vocabulario específico das áreas de coñecemento impartidas polo departamento.

III. Actuacións

1. Desenvolver unha política de adquisición de material bibliográfico ameno e divulgativo, atractivo para o alumnado, que contribúa á súa aproximación á biblioteca como centro de recursos.
2. Informar ó alumnado dos fondos que se atopan dispoñibles na biblioteca do centro con orientación en canto ó seu contido e recomendacións sobre posibles lecturas:
“El crack del 29” de J. K. Galbraith (ed Ariel, 2005)

“Primero la gente” de Amartya Sen y Bernardo Kliksberg (ed Deusto)

“Un hombre sin patria” de Kart Vonnegut (ed. Bronce)

“Quien se ha llevado mi queso” de Spencer Jonson, M.D. ed Empresa Activa

3. Efectuar traballos que demanden a consulta de fondos bibliográficos actualizados dispoñibles na biblioteca do centro.
4. Desenrolar na aula traballos de lectura comprensiva e comentarios de texto sobre temas específicos da materia impartida.
5. Esixir o manexo de vocabulario específico relativo ás áreas e coñecemento propias do departamento.
6. Integrar como parte dos contidos avaliados as habilidades lectoras mediante exercicios de comentarios de texto e lectura comprensiva.

IV. Avaliación

1. Revisión trimestral das adquisicións efectuadas na biblioteca e das suscripcións en vigor que teñan relación ca materia
2. Análise dos traballos realizados polos alumnos en base á documentación consultada na biblioteca.
3. Grado de coñecemento adquirido polo alumnado sobre o vocabulario e expresións específicos das áreas de coñecemento do departamento.
4. Nivel alcanzada na capacidade lectora do alumnado en relación a textos específicos.

ANEXO III: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Ata agora quixemos destacar que as cuestións económicas están presentes en multitude de aspectos e comportamentos humanos.

Educación ó consumidor:

Analízase unha visión do consumo como relación necesaria para a satisfacción das necesidades humanas, e ós consumidores como axentes económicos fundamentais. En concreto, estúdase o consumo dende un punto de vista técnico e individual, como variable macroeconómica que influirá na economía nacional, e por último, analízanse os problemas do consumo e consumismo en relación coa pobreza.

Os problemas do terceiro mundo e o capítulo da pobreza:

Trátanse de forma especial, relacionándoos cos factores que fan posibles a desigualdades.

Educación para a igualdade de oportunidades:

O estudio dos mercados de factores e en especial o mercado de traballo, tratan o tema das desigualdades dende un punto de vista laboral.

Formación e orientación laboral:

Todo o estudio da economía mete ós alumnos no mundo da empresa. O texto elixido, na maioría das unidades, serve para que se coñeza o mundo da produción, as empresas, os mercados, e os elementos máis básicos dun sistema económico ó que se incorporará, chegado o momento, como traballador ou traballadora.

Educación ambiental:

O impacto no medio ambiente que os actuais métodos de produción ocasionan, as posibilidades de prevelo ou solucionalo e as decisións sobre crecemento económico e ecoloxía, analízanse e fan que o alumnado reflexione sobre estes problemas.

ANEXO IV : PLAN DE CONVIVENCIA

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitue un dos principais desafíos dos sistemas educativos na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias e pacíficas.

O conxunto de accións previstas no Plan de Convivencia contéplase desde dúas perspectivas: a de prevención e a de intervención.

O Departamento de Economía colaborará en todas as accións que dende a dirección do centro se fixen en relación con medidas preventivas e de intervención.

Aso. Dolores Rey Varela